A memoria da Conta Xeral deberá incluír información detallada sobre o número de expedientes e o importe tramitado a través de expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito.

O recoñecemento extraxudicial de gastos efectuados sen consignación orzamentaria require informe do departamento correspondentes, que acredite e detalle que programas ou actividades van a deixar de realizarse por mor do xurdimento de esta obriga de pagamento, debendo xustificar que a imputación desta obriga ao orzamento vixente non perturba o normal funcionamento do resto dos servizos que se prestan con cargo o devandito programa orzamentario.

De non ser posible a imputación os créditos do orzamento vixente, a unidade xestora impulsará a tramitación dunha modificación orzamentaria para esta finalidade.

BASE 23ª.- ORDENACIÓN DE PAGAMENTOS.

Corresponderá á Alcaldesa a ordenación de pagamento das obrigas previamente recoñecidas. As ordes de pagamento deberán acomodarse ao plan de disposición

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

de fondos que se estableza, tendo prioridade, en todo caso, os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

O acto administrativo da ordenación materializarase en relacións de ordes de pagamento que recollerán, como mínimo e para cada unha das obrigas nelas incluídas, os seus importes bruto e líquido, a identificación do acredor e a aplicación ou aplicacións orzamentarias a que deban imputarse as operacións.

Así mesmo, a ordenación do pagamento pode efectuarse individualmente respecto de obrigas específicas e concretas.

O pagamento material xustificarase pola Tesourería mediante o "recibín" do perceptor ou orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola Entidade financeira.

Os pagamentos realizaranse, por orde de preferencia, polos seguintes medios:

- Transferencia.
- Talón nominativo.
- Efectivo.
- Tarxeta de crédito ou débito.

O emprego do efectivo ou de tarxetas de crédito ou débito como medio de pago deberá estar debidamente xustificado.

A Conta Xeral incluirá mención expresa ao conxunto de pagos efectuados por cada un destes medios.

BASE 24ª.- XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGAMENTO.

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente fose acreditado documentalmente ante o órgano competente para recoñecer obrigas a realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do Gasto.

BASE 25ª.- ORDES DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR.

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga á que a mesma se refira.

Non obstante, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pagamento "a xustificar", que deberán axustarse ás seguintes normas:

1. A expedición e execución das ordes de pagamento "a xustificar" deberá efectuarse previa a aprobación polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, aportándose informes sobre as circunstancias polas que

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento e informe da Intervención ao respecto.

2. Os fondos librados a xustificar poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta ao efecto, ou ben entregándose en efectivo ao perceptor.

3. Os conceptos orzamentarios aos que son de aplicación as ordes de pagamento "a xustificar" limítanse ao Capítulo II, IV e VI da clasificación económica do Orzamento de Gastos.

4. A xustificación das Ordes de pagamento expedidas con carácter de "a xustificar" deberá efectuarse no prazo de 3 meses dende a súa expedición, non sendo que o ordenador de pagos sinalase un inferior, e en todo caso antes de que finalice o exercicio orzamentario.

5. Os perceptores de fondos librados "a xustificar" deberán render ante a Intervención conta xustificativa dos devanditos gastos, acompañando facturas e documentos que xustifiquen a mesma. A citada conta, xunto coa documentación acreditativa da realización do gasto, e o Informe da Intervención, será sometida á aprobación do ordenador de Pagamentos.

6. Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á dita conta xustificante do ingreso efectuado.

7. De non se rendera conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor dos devanditos fondos, de conformidade co disposto ao efecto na Lei Xeral Orzamentaria. De igual xeito, procederase polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.

8. Só se poderán expedir ordes de pagamento "a xustificar" cando o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados con este carácter.

9. Para o seu seguimento contable estarase ao disposto nas normas e criterios contidos na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

BASE 26ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.

Os fondos librados "a xustificar" con carácter de Anticipos de Caixa Fixa regularanse polas seguintes normas:

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

1. O réxime de anticipos de caixa fixa aplicarase á Tesourería municipal destinándose o importe do mesmo exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como material de oficina non inventariable, subministro de produtos perecedeiros tales como alimentación, combustible, material funxible etc., e calquera de similar natureza que sexan imputables ao Capítulo II e IV do Orzamento Xeral de Gastos.

2. Por Resolución da Presidencia, previos informes da Intervención e da Tesourería, poderanse ampliar os servizos aos que se faga extensivo o réxime de anticipos de caixa fixa previsto na presente Base.

3. O anticipo de caixa fixa establecido para a Tesourería municipal non poderá exceder de 1000 euros e, a provisión de fondos realizarase en virtude de Resolución de Alcaldía e previo informe da Intervención.

4. A contía de cada gasto aboado con estes fondos non pode ser superior a 300 euros.

5. A medida que as necesidades de tesourería aconsellen a reposición de fondos, e en todo caso dentro do prazo de tres meses dende a liberación daqueles, o perceptor renderá á Intervención contas dos gastos atendidos no correspondente período co anticipo de caixa fixa. As devanditas contas aprobaranse pola Xunta de Goberno Local.

6. Aprobadas as contas, expediranse ordes de pagamento de reposición de fondos, con aplicación aos conceptos orzamentarios que correspondan coas cantidades xustificadas.

7. Os fondos non invertidos que, ao final do exercicio estean en poder do habilitado perceptor dos mesmos, utilizaranse por este no novo exercicio para as mesmas atencións para as que se concedeu.

Para o seguimento contable dos anticipos de caixa fixa estarase ao disposto nas normas e criterios contidos na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

BASE 27ª.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL.

Son gastos de carácter plurianual os que estenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen e comprometan.

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos Orzamentos.

Ditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas nos artigos 174 do TRLRFL, e 79 a 88 do Decreto 500/1990, de 20 de abril.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

No caso de investimentos e transferencias de correntes e de capital, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros non poderá exceder da contía que resulte de aplicar as porcentaxes que se sinalan no parágrafo seguinte ao importe que se obtén despois de efectuar sobre o crédito inicial da aplicación orzamentaria de imputación as seguintes operacións:

- Dedución do importe dos compromisos de gastos plurianuais adquiridos en exercicios anteriores, na parte imputable ao exercicio corrente, non sendo que se trate da última anualidade daqueles.
- Incrementos derivados de Modificacións de Crédito tramitadas no exercicio.
- Minoracións por baixas ocasionadas por anulacións de créditos ou por transferencias a outras aplicacións.

As porcentaxes expresadas no apartado anterior serán: para o exercicio inmediato seguinte o 70 por 100, para o 2º exercicio o 60 por 100, e no 3º e 4º exercicios o 50 por 100.

En casos excepcionais, o Pleno poderá aprobar gastos plurianuais que deban executarse nun prazo superior aos catro anos, ou cando as anualidades excedan das contías que resultarían por aplicación das porcentaxes reguladas por lei.Non obstante, delégase na alcaldía a competencia para aprobar os gastos plurianuais naqueles casos en que as anualidades superen algunha das porcentaxes indicadas, sempre que o gasto resulte imputable ao capítulo VI do exercicio de gastos.

Dos acordos adoptados ao abeiro desta delegación deberá darse conta ao pleno na seguinte sesión a celebrar por este órgano. Igualmente, na Conta xeral deberá informarse dos acordos adoptados pola alcaldía ao abeiro desta delegación.

BASE 28ª.- EXPEDIENTES ANTICIPADOS DE GASTO.

1.- Ao abeiro do previsto no artigo 117.2 da LCSP9/2017, de 8 de novembro, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, poderán tramitarse anticipadamente expedientes de gasto, cando estea presentado na Intervención Xeral o proxecto de orzamento xeral para o exercicio seguinte ó actual, así como no caso de modificacións de créditos. Tamén poderán tramitarse como expedientes anticipados de gasto no suposto que exista normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos e teña carácter de prorrogable. A tramitación dun expediente anticipado de gasto obrigará á súa dotación nos orzamentos dos seguintes exercicios.

2.- Os expedientes de gasto iniciados nun exercicio e que, por calquera causa, non se chegue a concretar a contía do compromiso para a realización da obra ou servizo, poderán terminarse no seguinte. Non compre para iso repetir os informes emitidos e os trámites realizados, sempre que non se modifiquen as circunstancias

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

de feito e de dereito existente no momento de emitilos ou realizalos e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

3.- En virtude do previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei38/2003, Xeral de Subvencións, tamén se poderán tramitar como anticipados de gastos as convocatorias de subvencións, sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade en que se procede a concesión, sempre e cando se cumpran as condicións que se explicitaron con anterioridade para o resto dos expedientes anticipados de gastos.

BASE 29ª.- XUNTA DE COMPRAS.

Constitúese unha Xunta Municipal de Compras do Concello de Ribeira, como órgano encargado de pola racionalización das compras, así como polo axuste ao mercado dos prezos e calidade dos bens e servizos adquiridos, co fin todo elo garantir a eficiencia e a economía no emprego dos recursos do Concello.

A composición, os cometidos, e o funcionamento deste órgano serán os previstos no Regulamento interno que se aprobe a tal efecto. Delégase na Alcaldía a aprobación deste regulamento, do que deberá darse conta ao Pleno na primeira sesión que celebre este órgano.

O regulamento deberá ser obxecto de publicación na páxina web municipal.

A Xunta Municipal de Compras do Concello de Ribeira elaborará un informe anual sobre a súa actividade, que se engaderá ao formulado pola Intervención Xeral tras a realización da fiscalización plena posterior á que se refire a base anterior.

BASE 30ª.- MODIFICACIÓNS DO ANEXO DE INVESTIMENTOS.

A modificación das actuacións previstas no Anexo de Investimentos non requirirá da aplicación das normas sobre publicidade, reclamacións, etc. previstas para a aprobación do orzamento, se ben será preciso dar conta das mesmas na Conta Xeral, de xeito diferenciado.

A realización dunha actuación non prevista inicialmente no Anexo de Investimentos, ou por un importe superior ao que nel se contemple (sempre e cando se execute en detrimento do crédito inicialmente destinado a outro proxecto previsto no anexo) requirirá do previo informe da intervención. Estes informes deberán formar parte da información que se incorpore á Conta Xeral.

CAPÍTULO II.- EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

BASE 31ª.- DA TESOURERÍA.

Constitúe a tesourería municipal o conxunto de recursos financeiros xerados pola actividade municipal, tanto por operacións orzamentarias coma non orzamentarias. A Tesourería réxese polo principio de caixa única.

BASE 32ª.- PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS DA TESOURERÍA.

Corresponderá ao Tesoureiro a elaboración do plan de disposición de fondos da tesourería, correspondendo a súa aprobación á Presidencia.

A xestión dos fondos líquidos levarase a cabo co criterio de obtención da máxima rendabilidade, asegurando, en todo caso, a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas aos seus vencementos temporais.

BASE 33ª.- INGRESOS DA RECADACIÓN DIARIA.

En virtude da autorización concedida polo artigo 198 do TRLRFL, dítanse as seguintes regras especiais:

1. O pago das débedas, tributarias ou non tributarias, garantías en efectivo e calquera outro pago a efectuar a favor do Concello de Ribeira, terá que facerse por entidade financeira colaboradora, previa obtención da correspondente carta de pago.

   Estes pagos canalizaranse polos seguintes medios:

   a) Ingresos de efectivo nas oficinas abertas ao público polas devanditas entidades no correspondente horario de atención ao público das mesmas.
   b) Nos caixeiros automáticos das entidades colaboradoras.
   c) Mediante domiciliación bancaria no caso dos tributos de cobranza periódica e notificación colectiva.
   d) A través do pago con cartón en TPVS virtuais o físicos, cargo en conta ou calquera outro medio que poida establecerse.

BASE 34ª.- OPERACIÓNS DE TESOURERÍA.

De conformidade co disposto nos artigos 51 e 199 do TRLRFL, e previo informe da Intervención, a Alcaldesa poderá concertar operacións de tesourería para cubrir déficits temporais de liquidez.

BASE 35ª.- RECOÑECEMENTO DE DEREITOS.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Concello de Ribeira

Procederá o recoñecemento de dereitos en canto se teña coñecemento formal da existencia dunha liquidación a favor do Concello. A estes efectos, procederase á súa aprobación e, simultaneamente, ao seu asento na contabilidade, de conformidade coas seguintes regras:

a) Nas liquidacións de contraído previo e ingreso directo, contabilizarase o recoñecemento do dereito cando se aprobe a liquidación de que se trate.
b) Nas liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo, contabilizarase no momento da aprobación do censo.
c) Nas autoliquidacións e ingresos sen contraído previo, cando se presenten e se ingrese o seu importe.
d) No suposto de subvencións ou transferencias a percibir doutras Administracións, Entidades ou particulares, condicionadas ao cumprimento de determinados requisitos, contabilizarase o dereito no momento de recepción polo Concello dos fondos comprometidos polo ente subvencionador.
e) A participación en Tributos do Estado contabilizarase mensualmente, en forma simultánea, ao recoñecemento e cobro da entrega.
f) Nos préstamos concertados, a medida que teñan lugar as sucesivas disposicións contabilizarase o recoñecemento de dereitos e o cobro das cantidades correspondentes.
g) Nos supostos de intereses e outras rendas, o recoñecemento do dereito orixinarase no momento do devengo.

BASE 36ª.- CONTROL DA RECADACIÓN.

O control da Recadación corresponde á Tesourería, que deberá establecer o procedemento para verificar a aplicación da normativa vixente en materia recadatoria, así como o reconto de valores.

Ao longo do exercicio 2025, adoptaranse as medidas que posibiliten que a periodicidade das rendicións de contas recadatorias sexa a seguinte:

- Ingresos directos: mensual.
- Ingresos por recibo: 15 días despois do remate do período voluntario de cobranza.

BASE 37ª.- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS.

Os aprazamentos e fraccionamentos de pagamento axustaranse ao contido da Ordenanza Fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público.

BASE 38ª.- CONTABILIZACIÓN DOS COBROS.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

En tanto non se coñeza a aplicación orzamentaria dos ingresos procedentes da recadación, contabilizaranse como ingresos pendentes de aplicación, integrándose na caixa única dende o mesmo momento en que se produzan.

Os restantes ingresos aplicaranse directamente ao concepto orzamentario que proceda.

A medida que vaian dispoñendo da correspondente documentación, os departamentos municipais que xestionen subvencións solicitadas a terceiros deberán achegar á intervención a seguinte documentación:

- Acordo polo que se solicite a achega, xunto cas bases reguladoras da mesma (ou convenio subvencionador, no seu caso).
- Resolución de concesión ou denegación.
- Acordo de aprobación da xustificación por parte do órgano municipal competente.
- No seu caso, comunicacións posteriores polas que se minore o importe da achega inicialmente concedida

Os departamentos deberán levar obrigatoriamente un control detallado dos gastos efectuados con cargo a cada achega que xestionen.

No momento en que se produza calquera abono en contas bancarias, a Tesourería debe poñelo en coñecemento da Intervención a efectos da súa formalización contable.

BASE 39ª.- APELACIÓN AO CRÉDITO.

Autorízase ao concerto de operacións de crédito a longo prazo con entidades financeiras ou Administracións, no caso de ser necesario, ata o importe máximo previsto no Capítulo IX do Estado de Ingresos do Orzamento Xeral para o exercicio 2025, con destino ao financiamento das actuacións detalladas no Anexo de Investimentos.

CAPÍTULO III.- FUNCIÓN FISCALIZADORA.

BASE 40ª.- EXERCICIO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA.

A función fiscalizadora será desempeñada pola Intervención de Fondos, de acordo co Regulamento da Función Interventora en Réxime de Requisitos Básicos, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 28 de Maio de 2018.

BASE 41ª.- ALCANCE DA FISCALIZACIÓN DE INGRESOS E GASTOS.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Levarase a cabo de acordo co Regulamento da Función Interventora en Réxime de Requisitos Básicos, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 28 de Maio de 2018.

BASE 42ª CONTRATOS MENORES.

1.- Non estarán sometidos a intervención previa os gastos de material non inventariable, contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de 3.005,06 euros que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

2.- A tramitación dos gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores, de conformidade co disposto polo artigo 118 do LCSP9/2017, de 8 de novembro, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, requirirán a presentación dunha proposta razoada, detallada e valorada do servizo correspondente, previa consulta a tres empresarios con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, *cando o importe do subministro, servizo ou obra exceda de 3.000 euros*, salvo que a mesma resultara imposible ou inconvinte por razóns que deberán constatarse no expediente.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 235 da LCSP, cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

En todo caso, as propostas deberán detallar necesariamente prezos unitarios cando elo sexa posible, de xeito que non se dará trámite aos orzamentos que inclúan partidas a tanto alzado, que impidan a súa axeitada valoración, así como a posterior comprobación da prestación efectivamente realizada polo empresario.

No caso de obras superiores a 3.000 €, a proposta deberá axustarse ás directrices e no seu caso, ao modelo, que aprobe a alcaldía, a proposta conxunta de Intervención e da Enxeñeira Municipal.

Os contratos menores terán unha duración inferior a un ano e non poderán ser obxecto de prórroga, ampliación, incremento nin revisión de prezos; en ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a fases dun mesmo obxecto.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Concello de Ribeira

Corresponderá a quen propoña a realización dun contrato menor verificar previamente a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación, así como a comprobación dos extremos indicados no apartado 2º desta base.

CAPITULO IV.- CONTABILIDADE

BASE 43ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

1) A liquidación dos orzamentos porá de manifesto o indicado no artigo 93 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.
2) Corresponderá á Alcaldesa, previo informe da Intervención de Fondos, a aprobación da liquidación do orzamento municipal.
3) O Remanente de Tesourería estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, obrigas pendentes de pagamento e os fondos líquidos, todos eles referidos ao 31 de decembro do exercicio. Dos dereitos pendentes de cobro deduciranse os que teñan a consideración de dereitos de difícil ou imposible recadación. A tal efecto**, terán a consideración de dereitos de difícil ou imposible recadación,** sen que tal consideración implique a súa anulación ou baixa en contabilidade, os que resulten de aplicar as seguintes porcentaxes:

   - 100 % dos dereitos pendentes de cobro de antigüidade igual ou superior a 4 anos.
   - 90 % dos dereitos pendentes de cobro de antigüidade igual a 3 anos
   - 70 % dos dereitos pendentes de cobro de antigüidade igual a 2 anos.
   - 35 % dos dereitos pendentes de cobro de antigüidade igual a 1 ano.
   - 10 % dos dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro do exercicio que se liquida.

BASE 44ª.- PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DE BAIXAS XUSTIFICADAS DE DEREITOS E OBRIGAS PERTENCENTES Á AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

1.- Cando se poña de manifesto a necesidade de tramitar expedientes para a anulación ou baixa de dereitos e obrigas recoñecidas e liquidadas pertencentes á agrupación de Orzamentos Pechados, as mesmas someteranse ao seguinte procedemento de tramitación:

a) Proposta motivada e detallada das baixas citadas, elaborada pola Alcaldía.
b) Informe da Intervención.
c) Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Especial de Contas.
d) Exposición ao público polo prazo de quince días hábiles, a través de edicto no Boletín Oficial da Provincia.
e) A aprobación definitiva corresponderá ao Pleno da Corporación.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

2.- O procedemento previsto no punto anterior aplicarase nos seguintes supostos:

a) As modificacións do saldo inicial das obrigas recoñecidas e/ou pagamentos ordenados, cando estean orixinadas por:
   - Baixas ou anulacións cando estean orixinadas por cambio de criterio contable como consecuencia da implantación da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo).
   - A prescrición de obrigas recoñecidas e/ou pagamentos ordenados.

b) As modificacións do saldo inicial dos dereitos pendentes de cobro, cando estean motivados por:
   - Anulación de liquidacións por razón da contía en base ao disposto no artigo 41.3 do Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria.
   - Cambios de criterio contable derivados da aplicación da nova Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
   - Prescrición de dereitos recoñecidos e liquidados.

3.- Bastará con Resolución da Alcaldía, previo informe da Intervención, sen que resulten de aplicación os trámites recollidos nos puntos anteriores desta Base, para as anulacións ou baixas de dereitos e obrigas incluídos na agrupación de Orzamentos Pechados que orixinen as operacións contables que se indican a continuación:

a) As modificacións de saldos iniciais de obrigas recoñecidas e/ou pagamentos ordenados motivados por:
   - Os erros contables por defectuoso contraído.

b) As modificacións do saldo inicial dos dereitos pendentes de cobro orixinados pola existencia de omisións no reflexo contable de actos administrativos producidos en exercicios pechados, cando deben reflectirse tales modificacións coa finalidade de garantir a permanente concordancia entre a información reflectida nas Contas de Recadación e a Contabilidade.

c) A anulación de dereitos por:
   - Anulación de liquidacións.
   - Insolvencia e outras causas.

TÍTULO IV.- GASTOS DE PERSOAL

CAPITULO I.- NORMAS XERAIS.

BASE 45ª.-RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

1. Percepcións salariais no exercicio 2025.

A contía dos diferentes conceptos retributivos a percibir polo persoal funcionario e laboral no exercicio 2025 axustarase as seguintes normas:

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024 e tamén prorrogada para o ano 2025, e ao Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucrania e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social.

Adicionalmente dótase un incremento salarial do 0,5% segundo o disposto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023. Este aumento estaba vinculado á evolución do PIB nominal, circunstancia que se confirmou mediante Acordo do Consello de Ministros de 1 de xullo de 2025, polo que se fixo efectivo neste ano 2025, abonándose como atrasos os importes correspondentes desde o mes de xaneiro de 2025.

2. Gratificacións.

As *partidas de gratificacións* contempladas no Estado de Gastos destínanse a abonar servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo. Estas gratificacións terán carácter excepcional e para a súa tramitación deberá constar expresamente no expediente a autorización concreta da Presidencia da Corporación para a realización do servizo de que se trate.

O criterio para o abono destas gratificacións axustarase ao previsto no Acordo Marco de Fixación de Condicións de Traballo subscritos polo Concello, respectivamente, cos representantes do persoal laboral e Funcionario do mesmo. O abono das gratificacións devengadas por cada traballador producirase na nómina do mes posterior a súa realización.

3. Asistencias a órganos colexiados e vodas civís.

A contía a percibir por asistencia a Comisións Informativas, Xunta de Goberno Local e Plenos que se celebren fóra do horario normal de traballo, serán as seguintes:

- *Secretario, Interventor, Tesoureiro, Enxeñeiro ou Aparellador: 60 euros por sesión de Pleno,30 euros por sesión de Xunta de Goberno Local e 20 euros por sesión de Comisións Informativas.*

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

- *Outro persoal que exerza funcións de colaboración cos anteriores durante as sesións: 50 euros por sesión do Pleno e 20 euros por sesión da Xunta de Goberno Local e das Comisións Informativas.*

A contía a percibir por asistencia a vodas civís celebradas no Concello fóra do horario normal de traballo, serán as seguintes:

- *Secretario ou persoa en quen delegue, 50 euros por día.*

- *Outro persoal que exerza funcións de colaboración cos anteriores durante a celebración, 30 euros por día.*

Poderán simultanearse ou acumularse para o seu devengo ou percepción calquera das sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas ou asistencia a vodas civís, aínda cando se celebre máis dunha dun mesmo órgano colexiado ou voda ao día, sendo aboadas a máis alta das compensacións na súa totalidade e as seguintes ao 50 por 100 das cantidades estipuladas".

4. Indemnizacións por razón de servizo.

O importe do resto de indemnizacións por razón do servizo será o sinalado pola normativa estatal aplicable, coas particularidades seguintes:

- Por manutención, aboarase o importe dos gastos efectivamente realizados, sempre que se xustifiquen mediante factura ou tique.

5. Baixas por enfermidade ou accidente laboral.

De conformidade co acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o 24 de setembro de 2018 para ó persoal funcionario e laboral suxeitos ó Réxime Xeral da Seguridade Social nos supostos de incapacidade temporal, disponse o seguinte:

Primeiro:-*Recoñecer para todos/as os/as empregado/as públicos/as do Concello de Ribeira e os seus organismos dependentes o réxime de prestación económica en situación de IT regulado na Disposición Adicional Quincuaxésima Cuarta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, é dicir, unha complementación dende o primeiro día de IT que, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100% dos seus retribucións fixas do mes de inicio da*
Incapacidade temporal.

Segundo*:- De acordo co disposto na Disposición adicional quincuaxésima cuarta, apartado 2º, a medida á que se refire o apartado anterior do presente acordo o será para casos de continxencias profesionais e, accidentes de traballo así como os que*

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

afecten á muller xestante, con independencia do número que acontezan, posto que todos eles deberán ter necesariamente o trato máis favorable dos acordados pola Administración respectiva.

No suposto de enfermidades comúns o será para as dúas primeiras situacións de IT que por cada traballador/a acontezan en cada exercicio orzamentario pola mesma causa. A partir da terceira será de aplicación o réxime anterior previsto no Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Estarase ó que determine a Administración do Estado respecto ó seu persoal para supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificado o complemento poida alcanzar durante todo o período da incapacidade o 100 por 100 das retribucións que viñeran desfrutando en cada momento. A estes efectos, consideraranse en todo caso debidamente xustificados os supostos de:

- Hospitalización
- Intervención cirúrxica
- IT por enfermidade relacionada con discapacidades recoñecidas cun grao igual ou superior ó 33%
- Enfermidades graves establecidas no Anexo do Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo.

2º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada, durante todo o período de duración da mesma, ata o 100 por 100 das retribucións que viñera percibindo o devandito persoal no mes anterior ó de causarse a incapacidade.

3º.- As referencias a días entenderanse realizadas a días naturais.

4º.- En ningún caso se incluirán as gratificacións, horas extra e complemento de produtividade no cómputo das retribucións a complementar, agás dos seguintes supostos para o que se refire exclusivamente á produtividade:

- Dúas primeiras situacións de IT que por cada traballador/a acontezan en cada exercicio orzamentario por enfermidade común.
- Hospitalización
- Intervención cirúrxica maior
- IT por enfermidade relacionada con discapacidades recoñecidas cun grao igual ou superior ó 33%
- Enfermidades graves establecidas no Anexo do Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo.
- Accidente laboral grave ou moi grave se non é cuberto por outro órgano ou compañía de seguros.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

5º.- A presentación dos partes de baixa, confirmación e alta por incapacidade temporal, e a xustificación de ausencias, deberanse aportar no Rexistro Xeral ou Sede Electrónica do Concello na data límite do 5º día seguinte ó da súa expedición ou ausencia.

6º.- Esta regulación aplicarase estritamente ó que se refire á incapacidade temporal, deixando ó marxe todo o referido a situacións de risco durante o embarazo, lactancia, maternidade e paternidade.

6. Previsión orzamentaria para a adecuación da xornada de traballo dos mestres do conservatorio municipal suxeitos a tempo parcial.

BASE 46ª.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL E FUNCIONARIOS INTERINOS.

1. Durante a vixencia do Orzamento, cubriranse, en caso de necesidade xustificada, con persoal interino, as vacantes de plantilla de funcionarios, efectuándose a provisión do posto de traballo e cese nos mesmos, de conformidade á normativa en vigor e sempre que fora publicada a Oferta de Emprego Público, non sendo que se trate de vacantes producidas tras a publicación da mesma. Percibirán as súas retribucións con cargo ás consignacións das respectivos aplicacións en que figure o posto vacante a cubrir interinamente.

2. Igualmente procederase nos supostos de cobertura de postos de traballo vacantes no persoal laboral, a través da contratación temporal de acordo á súa normativa específica, previa publicación da Oferta de Emprego Público. En consecuencia, o persoal contratado ao efecto percibirá as súas retribucións con cargo á aplicación na que figure o posto vacante.

CAPÍTULO II. NORMAS APLICABLES AO PERSOAL FUNCIONARIO.

BASE 47ª.- GRATIFICACIÓNS.

As gratificacións, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas na súa remuneración, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo.

De acordo co previsto no artigo 6 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, o Pleno da Corporación determina no orzamento a cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios, dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2. c) deste Real Decreto. Segundo dispón o referido artigo, corresponde á Alcaldesa a asignación individual, con suxeición aos criterios

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

establecidos no Acordo Marco Regulador das Condicións de Traballo dos funcionarios municipais.

En caso de que no curso do exercicio se advertira a necesidade de dotar adicionalmente as consignacións de gratificacións dalgún servizo, existindo saldos ociosos noutro/s departamento/s, a alcaldía poderá efectuar a correspondente transferencia de crédito, en caso de que elo fora necesario, respectando sempre o límite máximo global autorizado polo Pleno.

CAPÍTULO III.- RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

BASE 48ª.- RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

1º.- As retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación, segundo os acordos do Pleno da Corporación nas seguintes sesións:

- Sesión celebrada o 19 de xullo de 2023 polo Pleno da Corporación:

Contémplase unha actualización por mor do incremento adicional salarial (0,5%) segundo o disposto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para o ano 2024 e tamén para o 2025. Este aumento estaba vinculado á evolución do PIB nominal, circunstancia que se confirmou mediante Acordo do Consello de Ministros de 1 de xullo de 2025, polo que se fixo efectivo neste ano 2025, abonándose como atrasos os importes correspondentes desde o mes de xaneiro de 2025.

1. Sr. Alcalde: 56.924,84 euros (en 14 pagas).
2. Concellería Delegada de Facenda: 43.470,00 € (en 14 pagas).
3. Concellería Delegada de Servizos Sociais e Mercados Municipais: 36.225,14 € (en 14 pagas).
4. Concellería Delegada de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías: 36.225,14 € (en 14 pagas).
5. Concellería Delegada de Infraestruturas e Obras, Deportes, Transparencia e Participación Veciñal: 36.225,14 € (en 14 pagas).
6. Concellería Delegada de Medio Rural e Servizos Municipais: 36.225,14 € (en 14 pagas).

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

7. Concellería Delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal: 36.225,14 € (en 14 pagas).

- Sesión celebrada o 21 de outubro de 2025 polo Pleno da Corporación:

1. Sra. Alcaldesa: 56.924,84 euros (en 14 pagas).
2. Concellería Delegada de Economía e Facenda, Vías e Obras: 43.470,00 € (en 14 pagas).
3. Concellería Delegada de Servizos Sociais, Mercados Municipais, Sanidade, Desenrolo Industrial e Parques e Xardíns: 36.225.14 € (en 14 pagas).
4. Concellería Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade: 40.450,28 € (en 14 pagas).
5. Concellería Delegada de Deportes, Innovación e Novas Tecnoloxías: 32.000,00 € (en 14 pagas).
6. Concellería Delegada de Mar, Promoción do Litoral e Festexos: 18.112,57 € (en 14 pagas).
7. Concellería Delegada de Medio Ambiente e Iluminación Pública: 18.112,57 € (en 14 pagas).

Estas cantidades revisaranse anualmente, de conformidade cos límites que determine a Lei de Orzamentos do Estado para os empregados públicos e demais normativa concordante.

O restantes concelleiros percibirán as seguintes contías pola preparación de asuntos e asistencia a cada unha das sesións celebradas polos órganos dos que formen parte:

Pleno	120 €/sesión
Xunta de Portavoces	60 € sesión.
Xunta de Goberno Local	60 € sesión.
Comisións Informativas	25 €/sesión.
Comisións especiais de seguimento	12 €/sesión, a certificar pola Secretaría Xeral.
Órgano consultor “Goberno Municipal de Coordinación de Delegacións ”	85 euros/reunión, a certificar pola Secretaría Xeral (periodicidade mínima

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

	de unha sesión ao mes e máxima de 4 sesións ao mes)
Preparación de asuntos e asistencia a cada unha das sesión celebradas polo órganos dos que formen parte, en concreto os distintos "Consellos Locais".	25 euros/sesión, a certificar pola Secretaría Xeral.

Poderán simultanearse ou acumularse para o seu devengo ou percepción calquera das sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local ou Comisións Informativas, aínda cando se celebre máis dunha dun mesmo órgano colexiado ao día, sendo aboadas a máis alta das compensacións na súa totalidade e as seguintes ao 50 por 100 das cantidades estipuladas. Exceptúase desta regra xeral unicamente o caso de que coincidan varias comisións informativas no mesmo día, que se aboarán na súa totalidade.

Os cargos con dedicación exclusiva non percibirán ningún tipo de indemnización por asistencias, de acordo co previsto no artigo 13 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2º.- Aqueles membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do Termo Municipal, terán dereito a seren indemnizados mediante axudas de custe, polo importe establecido para o Grupo I na normativa de aplicación (Real Decreto 462/2012, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Ministerio da Presidencia BOE nº 129, de 30 de maio de 2002).

3º.- A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica na normativa aplicable. Nos restantes casos, indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

BASE 49ª.- ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

De acordo co artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, orzamento dispón dunha dotación económica para os Grupos Políticos Municipais de que figura na aplicación 912.489.00 do orzamento, e que terá a natureza xurídica de transferencia corrente.

Deste xeito, durante o exercicio 2025 os grupos municipais percibirán as seguintes contías:

Importe fixo.	900 €
Importe variable:	50 € por cada compoñente do grupo.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

	Nº de Concelleiros
Partido Popular	10
Bloque Nacionalista Galego	5
PBBI	3
Grupo Mixto (PSdg-PSOE)	1
Non adscritos	2
Total	21

Cada Grupo Político deberá levar unha contabilidade especifica da súa dotación, que porá a disposición do Pleno da Corporación sempre que este lla requira.

O control interno desta dotación efectuarase pola Intervención Xeral mediante un sistema de fiscalización diferida ou control financeiro sobre o destino dos fondos, que se efectuará no exercicio inmediato seguinte.

TÍTULO V.- SUBVENCIÓNS

CAPÍTULO I.- AMBITO DE APLICACIÓN.

BASE 50ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As presentes normas serán de aplicación a toda clase de axudas e subvencións cuxa xestión correspondan a súa totalidade ao Concello de Ribeira.

Entenderase por axuda e subvención toda disposición gratuíta de fondos municipais que se outorgue con cargo ao Orzamento Xeral do Concello a favor de persoas ou entidades públicas ou privadas, para fomentar unha actividade de utilidade ou interese social ou para promover a consecución dun fin público ou que, en xeral, contribúan ao desenvolvemento dos intereses peculiares do municipio.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación destas normas:

a) Os premios que se outorguen sen previa solicitude de beneficiario.
b) As subvencións destinadas á cooperación internacional ao desenvolvemento regularanse polas normas específicas que resulten de aplicación, de conformidade co establecido na Disposición adicional décima da Lei xeral de subvencións e na Disposición adicional segunda da Lei de subvencións de Galicia. As presentes bases terán, en consecuencia, carácter supletorio na súa aplicación a esta materia.
c) Tamén se regularán polas súas bases específicas as axudas e as bolsas

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

de estudios que configuran a acción social do Concello a favor do persoal funcionario ou laboral ao seu servizo.

CAPÍTULO II.-SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2025.

BASE 51ª.- SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2025.

No exercicio 2025, conforme ao establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións, outorgaranse as subvencións nominativas que seguidamente se detallan aos perceptores e polos importes máximos que se indican:

	Beneficiario		
Obxecto e Finalidades	**NIF**	**Denominación**	***Importe***
Diversidade funcional – Convenio Asociación AMBAR	G15052434	AMBAR	3.400,00 €
Diversidade funcional – Convenio Asociación AMICOS	G15747678	AMICOS	3.400,00 €
Diversidade funcional - Convenio Asociación A CREBA	G15476310	A CREBA	3.400,00 €
Atención a infancia - Convenio Asociación FAIBEN	G27713379	FAIBEN	3.400,00 €
Campañas de prevención – Convenio Asociación Renacer	G15281611	Asociación Antidroga Renacer	3.400,00 €
Programa emerxencia social – Convenio Cáritas	R1500053B	CÁRITAS DIOCESANA	3.400,00 €
Programa emerxencia social – Convenio Cruz Roja	Q2866001G	CRUZ ROJA	3.400,00 €
Programa Universidade de Maiores	Q1518001A	Convenio USC	18.000,00 €
Contribución ao sostemento do Museo Etnográfico de Artes	G15140320	Centro Recreativo e Cultural de Artes	15.000,00 €
Subvención Festa da Dorna 2025	G15315682	Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna	40.000,00 €

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Subvención Festa do Percebe 2025	G15027220	Cofradía de pescadores de Carreira y Aguiño	15.000,00 €
Convenio Club Náutico – Fomento Escola de Vela	G15033152	Club Náutico Riveira	3.500,00 €
Convenio Asoc. Lajareu por Barlovento – Fomento Vela Tradicional	G15549090	Asociación Cultural Lajareu por Barlovento	2.000,00 €
Subvención Festa da Navalla 2025	G70368261	Asociación Cultural O Serriño os Mellores de Aguiño	4.000,00 €
Campaña comercio de Nadal 2024/2025 – Convenio	G15045594	Asociación de Empresarios de Ribeira	5.000,00 €
Contribución á Feira Gastromar	G15045594	Asociación de Empresarios de Ribeira	20.000,00 €
Contribución campañas apoio ao comercio 2025	G15045594	Asociación de Empresarios de Ribeira	20.000,00 €
Contribución á concentración moteira en Ribeira 2025	G70512199	Asociación Motoclub Os Reventapistóns	5.500,00 €
Confinanciamento progr. FO200	G15798168	Fundación Museo Artes Grabado	15.500,00 €
Programa axuda contra o cancro	G28197564	Asociación española contra o cáncer	3.400,00 €
Proxecto Ágape Refórzate	G72395023	ASOCIACIÓN GALEGA PARA O ACOMPAÑAMENTO PERSOAL E EDUCACTIVO	3.400,00 €
Convenio	G15108814	Liceo Marítimo de Ribeira	2.500,00 €
Convenio	R1500363E	ICE Renovación	3.400,00 €
Subvención XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia	G36231561	Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, CULTURMAR	40.000,00 €

A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas detalladas nesta base e as que poidan reflectirse en expedientes de modificación de créditos aprobados polo Pleno e tramitados durante a vixencia do orzamento de 2025, non requirirán novo acordo do Pleno da Corporación, correspondendo a súa resolución á Alcaldía.

Con carácter xeral, os importes indicados na relación anterior non deben superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado. Exceptúanse do disposto anteriormente as subvencións nominativas que teñen o carácter de cota

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

de socio e aquelas nas que o Pleno, por razóns de excepcional interese público, expresamente motivadas e acreditadas, acorde o financiamento do custo total da actividade ou proxecto subvencionado. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou achegas ou recursos de entidades privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

No caso das subvencións de capital, será o Concello o contratista das obras a realizar mediante o oportuno procedemento de contratación.

Se o importe da subvención municipal é superior a 60.000,00 euros, a contratación con terceiros para a execución total ou parcial das actividades ou investimentos realizarase conforme ás normas de aplicación á contratación das Administracións públicas, utilizando para tal fin os pregos que a tal efecto lle sexan subministrados polo Concello, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.Un funcionario municipal, designado pola Alcaldesa da Corporación que formará parte da Comisión Técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

Exceptúanse das normas contidas nos dous apartados precedentes as subvencións nas que o beneficiario sexa unha Administración pública.

As achegas municipais faranse efectivas logo de xustificación documental de realización de actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía abonda polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles xuros moratorios, agás as entidades exentas por Lei da prestación de garantías ou caucións. Non obstante, no convenio regulador da subvención nominativa poderase excepcionar a obriga da previa constitución de fianza, aval ou garantía atendendo ás circunstancias específicas da subvención, debendo estas quedar acreditadas no mesmo. Neste casos os pagos anticipados non poderán ser superiores ao 50% do importe da subvención.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello, ca Axencia Estatal de Administración Tributaria, ca Tesourería Xeral da Seguridade Social e ca Administración Autonómica.
c) Non será posible expedir un pagamento anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade e transcorrendo o prazo de xustificación previsto, non se achegase a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

Igualmente, resultarán de aplicación ás subvencións nominativas consideradas na presente base, distintas das cotas de socio, as seguintes normas xerais:

1. Os convenios que se tramiten para a súa materialización deben conter, coa debida adecuación, os puntos contidos na base 53.3 das de Execución do Orzamento Municipal.

2. Corresponderalle á Alcaldesa da Corporación, logo de informe de servizos competentes, valorar o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

3. Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionable, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención foi cumprida, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente de financiamento sobre o importe de gasto efectivamente xustificado.

4. Entenderase que a finalidade básica da subvención foi cumprida, se o gasto xustificado ascende, polo menos, ao 50 por 100 do orzamento inicialmente previsto. Se o gasto xustificado é inferior á devandita porcentaxe, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida polo que non se aboará cantidade ningunha sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.

5. As subvencións nominativas terán carácter anual e non xerarán ningún dereito adquirido polo perceptor para exercicios posteriores. Só en circunstancias excepcionais, e por acordo plenario debidamente motivado, de conformidade co establecido no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán adoptarse compromisos de gasto por subvencións nominativas de carácter plurianual, logo da acreditación de carácter plurianual de actividade ou investimento obxecto de subvención para cuxo efecto o expediente tramitado conterá un programa anual en que se detallen e cuantifiquen as tarefas,actividades ou investimentos a realizar en cada exercicio orzamentario de imputación. En todo caso deberán tomar en consideración as disposicións contidas no artigo 57do regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Deberá incorporarse á conta xeral información relativa á totalidade das achegas nominativas efectivamente concedidas ao longo do exercicio 2025, no que se indique o coeficiente de financiamento acadado finalmente pola achega municipal.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

BASE52ª.- NORMAS APLICABLES ÁS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS NON INCLUÍDAS EXPRESAMENTE NO ORZAMENTO INICIAL DO EXERCICIO 2025.

As subvencións nominativas non consideradas na base anterior, que poidan outorgarse durante o exercicio 2025, regularanse polas normas singulares contidas nos convenios subscritos para o efecto ou nos acordos plenarios que as aproben e, en todo caso, ateranse ás seguintes normas comúns:

1ª. - Correspóndelle ao Pleno adoptar os acordos que impliquen directa ou indirectamente o outorgamento de subvencións municipais de carácter nominativo a outros entes públicos ou a entidades privadas sen ánimo de lucro, calquera que sexa a forma a través da cal se instrumenten (convenio, acordo singular, cotas de socio e outras).

2ª. - Para estes efectos entenderase por subvención nominativa aquela que se outorgue excepcional e motivadamente a un ente público ou a unha entidade privada sen ánimo de lucro por razóns tan singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia. No expediente administrativo incorporarase "unha memoria do órgano xestor das subvencións, competente por razón da materia, xustificativa do carácter singular das subvencións, das razóns que acreditan o interese público social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria" (artigo 67.3 a. do regulamento da Lei xeral de subvencións).

3ª. - O acordo de concesión ou o convenio subscrito para o efecto deberá concretar, entre outros puntos, os seguintes elementos:

a) Obxecto e finalidade concreta da subvención.
b) Indicación das razóns que acreditan ou interese público, social, económico ou humanitario da actividade ou investimento subvencionado, e que xustifican a dificultade dá súa convocatoria pública.
c) Identificación da normativa reguladora da subvención.
d) Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade a que se destina, se proceder.
e) Importe da achega municipal e a porcentaxe que represente sobre o total da actividade obxecto de fomento, no seu caso. O devandito importe non poderá superar en ningún caso o 80 por 100 do orzamento total de gastos da actividade de que se trate, a non ser que o Pleno da Corporación, por motivos excepcionais de interese público, acorde motivadamente que se financie o custo total da actividade subvencionada. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.
f) Medios mediante os que os beneficiarios haberán de dar publicidade á subvención concedida polo Concello (folletos, carteis informativos, placas

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

conmemorativas,...) e forma de acreditar o cumprimento da obriga de información citada con motivo da xustificación da realización da actividade.

g) Forma e prazo de realización das actividades ou investimentos, forma e prazo da xustificación documental, prazo e condicións para acreditar a súa realización e consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial e cada un dos prazos indicados.

   Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcamento, etc.), e en todo caso para gastos non superiores a 150 € e cunha limitación do 10% do importe a xustificar.

h) Forma e requisitos para o pagamento da subvención.

i) Posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta, así como o réxime de garantías que, se é o caso, deberán achegar os beneficiarios.

j) Determinación dos libros e rexistros contables específicos que deberá levar o beneficiario para garantir a axeitada xustificación da subvención e a comprobación posterior do cumprimento das condicións establecidas.

k) Infraccións no caso de incumprimento das bases e as súas correspondentes sancións.

l) Obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

m) Sometemento do beneficiario aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

n) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

o) Vixencia temporal.

p) Normativa a considerar sobre os aspectos non contemplados no acordo ou convenio correspondente.

4ª.- Non obstante o disposto nos apartados precedentes, autorízaselle á Alcaldía a outorgar subvencións nominativas a entes públicos ou privados sen ánimo de lucro, nacionais ou estranxeiros, conforme ás condicións que seguidamente se expresan:

a) As subvencións concedidas ao abeiro desta previsión resultarán imputables á aplicación 231E.480.00 do orzamento municipal.

b) Iniciarase de oficio ou a instancia de parte un expediente no que se acrediten as razóns de interese público, urxencia e excepcionalidade que

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

motivan a concesión proposta e se concrete o obxecto, finalidade, forma de acreditación e forma de pagamento. O devandito expediente será obxecto de fiscalización polos Servizos da Intervención municipal, co fin de acreditar a concorrencia das circunstancias expresadas na presente base e a existencia de crédito dispoñible e suficiente na aplicación orzamentaria de imputación.

c) O importe individual das axudas propostas non pode ser superior a 1.500,00 euros por entidade e o total das que se outorguen no exercicio non pode exceder da consignación da partida indicada.

CAPÍTULO III.-SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

BASE 53ª. - CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

1º. - O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iniciarase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada pola Alcaldía.

2º. - As actividades obxecto de subvención deberán de ser, en todo caso, aquelas que complementen ou suplan as competencias do Concello ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio. Co fin de asegurar que existe unha iniciativa privada que merece a acción de fomento do Concello, o importe da subvención nunca poderá superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

3º. - As subvencións que se concedan non poderán aplicarse a finalidades distintas daquelas para as que foron outorgadas. O obxecto concreto das axudas ou subvencións aprobadas só poderá modificarse logo de solicitude expresa do interesado e a través de resolución motivada do órgano competente, que deberá tomar en consideración os criterios de valoración contidos nas bases da convocatoria, o coeficiente de financiamento asignado e o importe do orzamento subvencionado.

4º. - Poderá simultanearase a aprobación e publicación das bases e da convocatoria de subvencións municipais. En todo caso deberán publicarse ambas as dúas no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de internet do Concello.

BASE 54ª. - BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

1º. - As subvencións non nominativas outorgaranse baixo os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e transparencia.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

A aprobación das bases que regulen as convocatorias de subvencións corresponderalle á Alcaldía.

No expediente administrativo incorporarase unha memoria explicativa dos obxectivos que se pretenden conseguir e do importe global da subvención a outorgar.

As bases de convocatoria tamén poderán ser obxecto de aprobación anticipada, en cuxo caso se requirirá que o proxecto de orzamento para o exercicio seguinte estea ditaminado favorablemente pola Comisión de Economía e Facenda, supeditándose a eficacia do acto da convocatoria á condición suspensiva da entrada en vigor do Orzamento municipal do exercicio correspondente, no que se conteñan os créditos axeitados e suficientes para atender as solicitudes que ao seu amparo se presenten.

De acordo co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso municipal de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada.

Unha vez aprobadas as bases serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello.

2º. - As bases de cada convocatoria de subvencións determinarán con claridade:

1. Definición precisa do obxecto da subvención.
2. Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
3. Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención, prazo e forma de acreditalos.
4. Persoas físicas ou xurídicas que poden solicitar as axudas.
5. Forma e prazos de solicitude, con indicación da documentación a achegar polos solicitantes. Entre a documentación a achegar, deberá figurar necesariamente unha memoria detallada na que se reflicta o conxunto de actividade desenvolta no ano 2025, reflectindo expresamente os gastos e ingresos do exercicio.
6. Indicación dos órganos competentes para a instrución, avaliación e resolución do procedemento.
7. Criterios, debidamente ponderados, a utilizar para a determinación do importe absoluto das subvencións a outorgar a cada solicitante, do coeficiente de financiamento correspondente e do orzamento subvencionado. Avaliarase en todo caso, ou xustificarase motivadamente a imposibilidade da incluír devandita avaliación, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicite a axuda (Art. 20.2 l. da Lei de subvencións de Galicia).

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

8. Indicación do Servizo ou unidade administrativa que actuará como instrutor do expediente, composición da Comisión Avaliadora, se é o caso, e determinación do órgano competente para resolver.
9. Prazo de resolución e notificación ou publicación. A devandita resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as Bases reguladoras da subvención e deberá conter a relación de solicitantes aos que se concede a subvención, e fará constar, se é o caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso expresarase o beneficiario, o importe da subvención outorgada, o orzamento subvencionado, o coeficiente de financiamento e a finalidade ou investimento que constitúe o obxectivo concreto da subvención outorgada e demais referencias relevantes.

   O vencemento do prazo máximo para resolver sen notificar a resolución, permitiralles aos interesados entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

10. Nas bases de convocatoria expresarase tamén o medio de notificación ou publicación de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
11. Cando estea previsto o financiamento de obras, regularase a forma en que deberá de xustificarse o cumprimento da legalidade vixente en materia de ordenación urbanística,protección do medio e respecto ao patrimonio histórico-artístico, así como a acreditación da propiedade ou dereito real que se teña sobre o ben inmoble e as condicións temporais e materiais de adscrición do ben moble ou inmoble á fin de interese xeral que motiva a subvención, así como a obriga da súa inscrición no rexistro público correspondente, facendo constar a devandita condición.
12. Medios mediante os que os beneficiarios deberán dar publicidade á subvención concedida polo Concello (folletos, carteis informativos, placas conmemorativas,...) e forma de acreditar o cumprimento da obriga de información citada con motivo da xustificación da realización da actividade.
13. Forma e prazo de realización das actividades ou investimentos, prazo e condicións para acreditar a súa realización mediante a xustificación documental oportuna e consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial de cada un dos prazos indicados.

    Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcamento, etc.), e en todo caso para gastos non superiores a 150 € e cunha limitación do 10% do importe a xustificar.
14. Forma e requisitos para o pagamento da subvención.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

15. Infraccións en caso de incumprimento das bases e as súas correspondentes sancións.
16. O sometemento do beneficiario aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención,o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.
17. Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

BASE 55 ª.- BENEFICIARIOS DAS SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

1º. - Poderán solicitar e seren beneficiarios das axudas convocadas polo Concello as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e entidades colectivas que reúnan os requisitos esixidos nas bases de cada convocatoria e se adecúen á súa finalidade.

No caso das asociacións sen ánimo de lucro de ámbito municipal, será requisito ineludible o figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, debendo estar tales inscrición debidamente actualizadas.

2º.- Os solicitantes deberán acreditar, no momento de formular a súa solicitude, a súa condición de interesado achegando:

1. En caso de ser persoa física, fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal e o documento nacional de identidade.

2. En caso de ser persoa xurídica ou entidade colectiva, fotocopias compulsadas do CIF e dos estatutos polos que se rexe, en caso de que estes non consten nas dependencias municipais, e acreditación de inscribir estas nos rexistros públicos correspondentes (asociacións, fundacións, entidades deportivas, comunidades galegas, organizacións non gobernamentais, confrarías, cooperativas, colexios profesionais, etc.) e certificación acreditativa de acordo de solicitude e nomeamento de representante para as súas relacións co Concello.

3. Cando se prevexa expresamente nas bases reguladoras, poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Concello de Ribeira

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes de abondo para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3º. -Requisitos para obter a condición de beneficiario: Para obter a condición de beneficiarios os solicitantes deberán acreditar que reúnen os requisitos e condicións establecidos no ordenamento vixente e, en particular, no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, nos artigos 18 e seguintes do regulamento da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

4º. - Os beneficiarios deberán cumprir as obrigas establecidas nas normas de aplicación xeral contidas nas bases de cada convocatoria e particularmente, as consideradas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e nas presentes Bases de Execución.

BASE 56ª. - TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES E CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

1º. – Solicitude.- As solicitudes de subvención formalizaranse en impresos facilitados aos interesados polo Concello e presentaranse no seu Rexistro Xeral debidamente cumpridos. Tamén poderá admitirse a presentación de solicitudes por medios telemáticos, en cuxos casos deberán indicarse nas bases e nas convocatorias os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables,que deberán axustarse ás especificacións establecidas nas bases da convocatoria.

2º. - Prazo de presentación.- As bases de cada convocatoria sinalarán o prazo durante o cal se poidan presentar solicitudes, que non poderá ser inferior a un mes a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, salvo que por razón motivada, nas bases da convocatoria se estableza outro distinto.

Non obstante as bases da convocatoria poderán establecer as condicións de posibles convocatorias abertas, co contido e requisitos establecidos no artigo 59 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

3º. – Documentación.- Os impresos de solicitude deberán reflectir, como mínimo, os seguintes datos:

1. - Identificación do programa.

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

2. - Identificación do solicitante: nome ou razón social, NIF ou CIF, domicilio social, domicilio para os efectos de notificacións, etc.
3. - Identificación do representante: nome e apelidos, NIF, domicilio para os efectos de notificacións, etc.
4. - Orzamento detallado de gastos e expresión de todas as axudas públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade.
5. - Contía da subvención e do coeficiente de financiamento solicitados.

Á solicitude deberá acompañar a seguinte documentación:

a. Os documentos acreditativos da personalidade do solicitante ou do seu representante nos termos previstos no apartado 2º) da base anterior.

b. Datos bancarios relativos á entidade, nº de conta e titular, que permitan facer efectivo o importe da subvención mediante transferencia, no suposto de que esta sexa concedida. Os datos citados reflectiranse en impreso asinado e selado pola entidade financeira.

c. Declaración de non estar en ningún dos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

d. Memoria que fará mención ao historial do solicitante, ás persoas beneficiadas directa e indirectamente pola axuda, as actividades ou investimentos a realizar e o seu calendario. Entre a documentación a achegar, deberá figurar necesariamente unha memoria detallada na que se reflicta o conxunto de actividade desenvolta no ano 2023, reflectindo expresamente os gastos e ingresos do exercicio.

e. No caso de realización de obras ou investimentos en xeral deberá incorporarse a documentación necesaria para identificar correctamente a obra ou adquisición a realizar e o compromiso de obter as licencias e autorizacións que resulten preceptivas, para os efectos de cumprimento da legalidade urbanística, o respecto ao patrimonio histórico-artístico e a protección do medio, e acreditación da propiedade ou dereito real que se teña sobre o ben inmoble.

f. Declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.

g. Acreditación, mediante declaración responsable, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Social e, no seu caso, autorización ao Concello para que poida obter a certificación correspondente con carácter previo ao pagamento da subvención. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente a devandita autorización, debendo achegar entón a certificación nos termos previstos nos artigos 18 a 29 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

4º. - Criterios de valoración.- Para a determinación da contía de cada unha das axudas a conceder especificaranse nas bases da convocatoria os criterios de valoración destas, ponderados axeitadamente.

Avaliarase en todo caso, ou xustificarase motivadamente a imposibilidade da súa avaliación, o emprego de lingua galega en realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

As bases da convocatoria poderán establecer as contías mínimas e máximas das subvencións que poidan concederse.

Os beneficiarios de subvencións municipais virán obrigados a poñer en coñecemento do Concello a concesión doutras axudas de organismos públicos para a mesma finalidade.

En ningún caso o importe da axuda municipal concedida poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

5º. - Informes e resolución As solicitudes de subvencións darán lugar a un informe-proposta subscrito polos responsables das unidades administrativas encargados da súa tramitación que porá de manifesto se os solicitantes reúnen as condicións para seren beneficiarios, se a documentación achegada é adecuada e suficiente conforme ás bases da convocatoria, a avaliación das solicitudes conforme aos criterios contidos nas bases para a súa consideración pola Comisión Avaliadora a que se refire o artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e o artigo 21.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a porcentaxe de financiamento da actividade subvencionada, o orzamento subvencionado e os puntos a que se refire o apartado 5 do artigo 24 da Lei xeral de subvencións.

A comisión avaliadora proporá motivadamente a resolución oportuna de outorgamento e/ou desestimación das solicitudes de subvención tramitadas.

Correspóndelle á alcaldía, mediante resolución motivada, que será notificada a todos os solicitantes, resolver o outorgamento ou denegación das subvencións municipais, para os efectos de posibles recursos. A devandita resolución expresará o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado que deberá

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

xustificar o beneficiario. Por razóns de economía, celeridade e eficacia no procedemento administrativo, as bases de convocatoria poden establecer que a reformulación das solicitudes a que se refire o artigo 27 da Lei xeral de subvencións e o artigo 61 do seu regulamento de desenvolvemento, poida ser automática, de modo que se o importe da subvención outorgada é inferior ao solicitado polo beneficiario, o orzamento subvencionado que debe ser obxecto de xustificación posterior determinarase dividindo a contía da subvención outorgada polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario na súa solicitude.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do beneficiario desta e o correlativo compromiso para o Concello que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma, se xustifica o gasto realizado na forma e prazos previstos nas bases da convocatoria e se acredita a realización dos compromisos que corresponden ao beneficiario (publicidade da subvención recibida, inscrición nos rexistros públicos oportunos, etc.)

BASE 57ª. - REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES OU INVESTIMENTOS SUBVENCIONADOS E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

1º. - As bases da convocatoria determinarán expresa e separadamente o prazo e condicións para a realización das actividades ou investimentos subvencionados e o prazo e forma de xustificación do cumprimento das condicións da subvención, e especificarán as consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial de ambos os dous prazos.

2º. - O cumprimento das finalidades que motivaron o outorgamento das subvencións, xustificarase achegando a correspondente documentación que acredite a realización do obxecto da subvención nos seguintes termos:

a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos correntes, xustificaranse mediante unha conta xustificativa que conteña a seguinte información:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue conforme a un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.
3. Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Facturas orixinais de gasto ou fotocopias debidamente compulsadas.
5. Cando o beneficiario da subvención sexa unha entidade pública, poderá xustificarse o importe gastado e os ingresos obtidos, mediante a expedición

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

dunha certificación detallada de todos os ingresos e gastos, con expresión individualizada dos perceptores e os seus datos fiscais, dos conceptos e dos importes totais (se hai IVE soportado deducible pola entidade, non poderá incluírse este concepto). Ás entidades privadas non se lles admitirá esta forma de xustificación, a non ser que a certificación a expida un auditor de contas externo inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas pertencente ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

6. Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xere o fagan aconsellable, poderanse fixar outros medios de xustificación que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención e os gastos e ingresos xerados. Os medios de xustificación deberán ser concretados nas bases da convocatoria, mediante algún dos sistemas dispostos nos artigos 69 a 82 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

b) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos de investimento, xustificaranse achegando unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención (licencias preceptivas, publicidade do financiamento municipal, realización dos investimentos conforme ás normas contractuais de aplicación,...) con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos detallando os ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia, e, ademais, achegarán a seguinte documentación:

1. - Adquisición de bens de equipo.
- Factura orixinal ou fotocopia compulsada.
- Se o importe do equipo supera os 18.000,00 € deberá achegarse unha valoración pericial do ben adquirido subscrito por técnico colexiado.independente.

2. - Adquisición de bens inmobles.
- Fotocopia compulsada de escritura pública e xustificante de satisfacer os impostos correspondentes.
- Inscrición no Rexistro da Propiedade do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que a subvención foi concedida polo prazo que se estableza nas bases, que non poderá ser inferior a cinco anos.
- Se o importe do ben supera os 18.000,00 € deberá achegarse unha valoración pericial do ben adquirido subscrito por técnico colexiado independente.

3. - Execución de obras.
- Factura.
- Se as obras se executan por contratista adxudicatario, á certificación de obra que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE,

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:26:56

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

acompañarase factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista. O importe do IVE só será gasto subvencionable se non ten o carácter de deducible para o beneficiario.

- Coa última certificación de obra acompañarase a acta de recepción e, se procede, a acreditación da inscrición no Rexistro da Propiedade do ben inmoble con especificación do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo prazo que establezan as bases, que non poderá ser inferior a cinco anos.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha entidade pública, poderá xustificarse o importe gastado e os ingresos obtidos mediante a expedición dunha certificación detallada de todos os ingresos e gastos, con expresión individualizada dos perceptores e os seus datos fiscais, dos conceptos e dos importes totais (se hai IVE soportado deducible pola entidade, non poderá incluírse este concepto). Ás entidades privadas non se lles admitirá esta forma de xustificación, a non ser que a certificación a expida un auditor de contas externo inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas pertencente ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Naqueles supostos en que a natureza do investimento subvencionado e os gastos de capital que xere o fagan aconsellable, poderanse fixar outros medios de xustificación que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención e os gastos e ingresos xerados. Os medios de xustificación deberán ser concretados nas bases da convocatoria, mediante algún dos sistemas previstos nos artigos 69 a 82 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

3º. - Tamén deberá acreditarse, con motivo da xustificación da actividade realizada, o cumprimento de todos os compromisos adquiridos polo beneficiario: publicidade do financiamento municipal, licencias ou autorizacións preceptivas, subcontratación cos requisitos establecidos nas bases, no artigo 29 da Lei xeral de subvencións e no artigo 68 do seu regulamento de desenvolvemento, acreditación de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se procede, inscrición dos bens no rexistro público correspondente, etc.

4º. - Con carácter xeral o prazo para a realización da actividade ou investimento non poderá ser superior a 8 meses e o prazo para a presentación de xustificantes non poderá ser superior a nove meses, contados dende a data en que se comunicase oficialmente a concesión da subvención; non obstante, as bases das convocatorias específicas poderán establecer os prazos de realización da actividade e de xustificación singulares que procedan por razón das actividades subvencionadas. Así mesmo, nas bases de convocatoria especificaranse os supostos nos que o Concello poderá ampliar os citados prazos por solicitude do interesado ou a proposta razoada da unidade xestora.

O beneficiario da subvención acompañará aos xustificantes declaración de cumprir o obxecto da subvención no prazo previsto e relación detallada das subvencións

CSV: 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3E800K8A4V4M0P1A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
171:JARDINES	0,00	78.800,00	0,00	0,00	0,00	322.253,52	0,00	0,00	0,00	401.053,52	**1,35%**
172:PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTE	597.462,99	174.300,00	0,00	0,00	0,00	11.000,00	0,00	0,00	0,00	782.762,99	**2,63%**
2:ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL	1.326.829,03	1.851.771,03	0,00	221.400,00	0,00	23.517,41	0,00	0,00	0,00	**3.423.517,47**	**11,51%**
21:PENSIONES	138.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	138.000,00	**0,46%**
211:PENSIONES	138.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	138.000,00	**0,46%**
22:OTRAS PRESTACIÓN ECONÓMICA A FAVOR DE EMPLEADOS	33.000,00	118.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	151.000,00	**0,51%**
221:OTRAS PRESTACIONES	33.000,00	118.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	151.000,00	**0,51%**
23:SERVICIOS SOCIALES Y	925.742,74 #	1.691.871,03	0,00	221.400,00	0,00	23.517,41	0,00	0,00	0,00	2.862.531,18	**9,62%**
231A:ACCIÓN SOCIAL	595.291,23	294.900,00	0,00	211.400,00	0,00	23.517,41	0,00	0,00	0,00	1.125.108,64	**3,78%**
231B:CIM	112.686,59	50.656,59	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	163.343,18	**0,55%**
231D:AYUDA A DOMICILIO	217.764,92	1.346.314,44	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.564.079,36	**5,26%**
231E:SUBVENCIONES A ENTIDADES SIN FIN DE LUCRO CON FINES SOCIALES	0,00	0,00	0,00	10.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10.000,00	**0,03%**
24:FOMENTO DE EMPLEO	230.086,29 #	41.900,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	271.986,29	**0,91%**
241:FOMENTO DE EMPLEO	66.860,55	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	66.860,55	**0,22%**
241A:PIE	11.948,31	7.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	18.948,31	**0,06%**
241B:OBRADOIROS	0,00	7.900,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	7.900,00	**0,03%**
241C:PEL 2025	56.434,38	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	56.434,38	**0,19%**
241E:VIVERO DE EMPRESAS	42.114,36	27.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	69.114,36	**0,23%**
241F:APROL RURAL	43.103,20	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	43.103,20	**0,14%**
241G:RISGA	7.188,54	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	7.188,54	**0,02%**
241M:SNGX	2.436,95	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2.436,95	**0,01%**
3:PRODUCCIÓN DE BIENES PÚBLICOS	2.079.803,13	3.189.623,60	0,00	336.630,00	0,00	361.703,06	6.000,00	0,00	0,00	**5.973.759,79**	**20,08%**
31:SANIDAD	519.093,97	165.355,00	0,00	5.900,00	0,00	12.238,66	0,00	0,00	0,00	702.587,63	**2,36%**
311:SANIDAD	0,00	114.605,00	0,00	0,00	0,00	8.738,66	0,00	0,00	0,00	123.343,66	**0,41%**
312A:UCA	519.093,97	50.750,00	0,00	5.900,00	0,00	3.500,00	0,00	0,00	0,00	579.243,97	**1,95%**
32:EDUCACIÓN	967.379,24	873.428,56	0,00	44.000,00	0,00	73.000,00	0,00	0,00	0,00	1.957.807,80	**6,58%**
320:CONSERVATORIO	695.387,39	68.000,00	0,00	0,00	0,00	3.000,00	0,00	0,00	0,00	766.387,39	**2,58%**
323:COLEGIOS	271.991,85	805.428,56	0,00	44.000,00	0,00	70.000,00	0,00	0,00	0,00	1.191.420,41	**4,00%**
33:CULTURA	340.279,25	1.059.398,95	0,00	116.150,00	0,00	16.464,40	0,00	0,00	0,00	1.532.292,60	**5,15%**
332:BIBLOTECAS Y ARCHIVOS	32.993,84	35.900,00	0,00	0,00	0,00	10.864,40	0,00	0,00	0,00	79.758,24	**0,27%**
333:MUSEOS	67.478,88	142.300,00	0,00	23.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	232.778,88	**0,78%**
334:PROMOCIÓN CULTURAL	201.556,25	457.898,95	0,00	53.150,00	0,00	5.600,00	0,00	0,00	0,00	718.205,20	**2,41%**
336:PROTECCIÓN PATRIM. HISTÓRICO	0,00	46.700,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	46.700,00	**0,16%**
337:JUVENTUD	38.250,28	60.100,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	98.350,28	**0,33%**
338:FIESTAS POPULARES Y FESTEJOS	0,00	316.500,00	0,00	40.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	356.500,00	**1,20%**
34:DEPORTE	253.050,67	1.091.441,09	0,00	170.580,00	0,00	260.000,00	6.000,00	0,00	0,00	1.781.071,76	**5,99%**
341:PROMOCIÓN Y FOMENTO DEL DEPORTE	0,00	0,00	0,00	170.580,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	170.580,00	**0,57%**
342:INSTALACIONES DEPORTIVAS	253.050,67	1.091.441,09	0,00	0,00	0,00	260.000,00	6.000,00	0,00	0,00	1.610.491,76	**5,41%**
4:ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	839.784,80	897.709,07	0,00	70.756,63	0,00	1.093.708,01	0,00	0,00	0,00	**2.901.958,51**	**9,75%**
42:INDUSTRIA Y ENERGÍA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	47.856,71	0,00	0,00	0,00	47.856,71	**0,16%**
425:ENERGÍA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	47.856,71	0,00	0,00	0,00	47.856,71	**0,16%**
43:COMERCIO, TURISMO Y PEQUEÑAS	71.939,64	357.350,00	0,00	70.756,63	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	500.046,27	**1,68%**
431:COMERCIO	0,00	33.000,00	0,00	30.500,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	63.500,00	**0,21%**
431A:MERCADOS	0,00	216.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	216.000,00	**0,73%**
432:PROMOCIÓN TURÍSTICA	71.939,64	96.350,00	0,00	1.256,63	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	169.546,27	**0,57%**
439:OTRAS ACTUACIONES SECTORIALES MAR	0,00	12.000,00	0,00	39.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	51.000,00	**0,17%**
45:INFRAESTRUCTURAS	604.817,41 #	335.309,07	0,00	0,00	0,00	1.033.851,30	0,00	0,00	0,00	1.973.977,78	**6,63%**
453:OBRAS Y CARRETERAS	604.817,41	335.309,07	0,00	0,00	0,00	973.800,64	0,00	0,00	0,00	1.913.927,12	**6,43%**
459:OTRAS INFRAESTRUCTURAS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	60.050,66	0,00	0,00	0,00	60.050,66	**0,20%**
49:OTRAS ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	163.027,75	205.050,00	0,00	0,00	0,00	12.000,00	0,00	0,00	0,00	380.077,75	**1,28%**
491:SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN	118.682,96	186.350,00	0,00	0,00	0,00	12.000,00	0,00	0,00	0,00	317.032,96	**1,07%**
493:PROTECCIÓN DEL CONSUMO	44.344,79	18.700,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	63.044,79	**0,21%**
9:ACTUACIONES DE CARÁCTER GENERAL	2.094.149,96	1.132.450,00	0,00	161.550,00	0,00	0,00	0,00	50.000,00	0,00	**3.438.149,96**	**11,55%**
91:ÓRGANOS DE GOBIERNO	469.397,72	155.800,00	0,00	62.250,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	687.447,72	**2,31%**
912:ÓRGANOS DE GOBIERNO	469.397,72	155.800,00	0,00	62.250,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	687.447,72	**2,31%**
92:SERVICIOS DE CARÁCTER	947.641,14	224.000,00	0,00	12.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.183.641,14	**3,98%**
920:ADMINISTRACIÓN GENERAL	621.955,38	219.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	841.155,38	**2,83%**
925: ATENCIÓN CIDADÁ	310.685,76	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00		310.685,76	**1,04%**
929:IMREVISTOS, SITUACIONES	15.000,00	4.800,00	0,00	12.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	31.800,00	**0,11%**
93:ADMINISTRACIÓN FINANCIERA Y TRIBUTARIA	677.111,10	752.650,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	50.000,00	0,00	1.479.761,10	**4,97%**
931:POLÍTICA ECONÓMICA Y FISCAL	677.111,10	73.700,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	50.000,00	0,00	800.811,10	**2,69%**
932:GESTIÓN DEL SISTEMA TRIBUTARIO	0,00	454.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	424.000,00	**1,42%**
933:GESTIÓN DEL PATRIMONIO	0,00	224.950,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	224.950,00	**0,76%**
94:TRANSFERENCIAS A OTRAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS	0,00	0,00	0,00	87.300,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	87.300,00	**0,29%**
942:TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCALES TERRITORIALES	0,00	0,00	0,00	79.100,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	79.100,00	**0,27%**
943:TRANSFERENCIAS A OTRAS ENTIDADES LOCALES	0,00	0,00	0,00	8.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	8.200,00	**0,03%**
Total Gasto por Capítulos	**9.490.922,20 #**	**14.881.954,97**	**287.555,69**	**850.182,03**	**0,00**	**2.667.849,88**	**6.000,00**	**50.000,00**	**1.521.995,58**	**29.756.460,35**	**100,00%**

CSV: 07E90019B3F200W2W8F6F8N5M1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019B3F200W2W8F6F8N5M1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:24:54

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

ORZAMENTO XERAL ANO 2025

INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO

María Sampedro Fernández, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Ribeira, en cumprimento do que determina o artigo 168.1.e) do RDL 2/2004, de 9 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o 18.1.e) do RD 500/90, de 20 de abril, emite o presente informe económico-financeiro, no que se pretende expoñer sucintamente:

I. As bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas.
II. A suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos.
III. A efectiva nivelación do orzamento.

En consecuencia, o Orzamento debe constituír a previsión de recursos e empregos a realizar no período de tempo que constitúe o exercicio orzamentario ao que se refiren.

O Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2025, está integrado exclusivamente polo do Concello, e ascende á cantidade total de 29.756.460,35 euros no seu Estado de Gastos e Ingresos, partindo por tanto dunha situación inicial de equilibrio.

I.- BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DOS INGRESOS E DAS OPERACIONS DE CRÉDITO PREVISTAS.-

I.I.-INGRESOS.

A).- Bases de avaliación dos ingresos.

Os **Ingresos previstos** para o exercicio 2025 establecéronse sobre as seguintes bases de cálculo, como criterio xeral:

a) Os dereitos liquidados durante o exercicio 2024 segundo se desprende dos datos da contabilidade na data de elaboración deste orzamento.
b) Incrementos e diminucións previsibles.
c) Estimacións de determinados ingresos, en función dos datos aportados polos responsables dos servizos correspondentes.

Ademais disto, tense utilizado criterios de prudencia e realismo na elaboración do estado de Ingresos.

Dito o anterior, procédese a realizar unha análise do Orzamento por capítulos, na cal se tentará clarificar os extremos aquí enunciados.

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

B) Estado de ingresos. Análise por clasificación económica.

			Variación respecto ao orzamento 2024	
Orzamento de Ingresos	**EUROS**	%s/total	%	Abs.
A) OPERACIONS CORRIENTES	**27.845.618,54 €**	**93,58%**	**4,72%**	**1.256.007,48 €**
I.-IMPUESTOS DIRECTOS	7.363.664,71 €	24,75%	11,15%	738.664,71 €
II.-MPUESTOS INDIRECTOS	550.000,00 €	1,85%	10,00%	50.000,00 €
III.-TASAS E OUTROS INGRESOS	6.867.640,33 €	23,08%	1,47%	99.184,64 €
IV.-TRANSFERENCIAS CORRIENTES	12.859.042,89 €	43,21%	4,84%	593.529,47 €
V.-INGRESOS PATRIMONIAIS	205.270,61 €	0,69%	-52,33%	-225.371,34 €
B) OPERACIONS DE CAPITAL	**1.910.841,81 €**	**6,42%**	**-61,98%**	**-3.115.143,35 €**
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	162.621,59 €	0,55%	3422,04%	158.004,34 €
VII.-TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.698.220,22 €	5,71%	-28,07%	-662.809,52 €
VIII.-VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEIROS	50.000,00 €	0,17%	0,00%	0,00 €
IX.-VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEIROS	0,00 €	0,00%	-100,00%	-2.610.338,17 €
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	**29.756.460,35 €**	**100,00%**	**-5,88%**	**-1.859.135,87 €**

Con 27.845.618,54 euros, o ingreso corrente supón aproximadamente un 93,58% do ingreso total do Concello, e experimenta un incremento do 4,72% respecto do orzamento do ano 2024.

O ingreso de capital supón aproximadamente o 6,42% restante do ingreso total do Concello. Experimenta unha diminución do -61,98 % respecto ao exercicio anterior.

Basicamente, a partida de ingresos máis importante pola súa consignación inicial é a de Transferencias Correntes, e a continuación se sitúan as partidas de Impostos Directos, Taxas e Outros Ingresos (prezos públicos) e Transferencias de Capital.

Capítulo I. Impostos directos.

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Supón aproximadamente o 24,75% do ingreso total.

As estimacións neste capítulo teñen a súa base no estado da liquidación do exercicio 2024 e a vista da execución do presente exercicio.

Como xa ven sendo habitual, o Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana, é sen dúbida un dos principias impostos locais e unha fonte de ingreso fundamental, cunha previsión para o exercicio 2025 de 5.293.664,71 € (o 17,79% do ingreso total do Concello). Esta consignación inicial obtense tendo en conta os estados demostrativos, así comas altas e variacións no padrón catastral.

Para o caso do IBI de natureza rústica, a consignación prevista no orzamento 2025 é de 180.000 euros.

O imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana a consignación prevista no orzamento 2025 é de 400.000 €, a vista dos datos da execución do presente exercicio.

Para o caso do Imposto sobre Actividades Económicas, mantense a previsión inicial respecto á contemplada no orzamento 2024, á vista dos datos da execución do exercicio anterior.

O Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, a previsión de ingresos do orzamento 2025 é de 1.250.000 €, á vista dos datos que forman o padrón de vehículos.

Capítulo II: Impostos indirectos

Recolle unicamente o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. A previsión de ingresos por este concepto é de 550.000 €, á vista dos datos da execución.

Capítulo III: Taxas e outros ingresos

Neste capítulo, e en aplicación do criterio de prudencia, as bases tidas en conta para a consignación das previsións aquí incluídas foron, principalmente, o estado de liquidación do exercicio 2024, as Ordenanzas Fiscais vixentes para o exercicio 2025 e nalgúns casos as estimacións das variacións que se poden producir ao longo do exercicio para determinados conceptos.

As taxas e prezos públicos sitúanse en termos xerais coma as do exercicio anterior salvo nalgúns casos nos que actualízanse as contías, sendo o incremento en termos xerais do 1,44%.
Na maior parte dos ingresos recollidos en tales epígrafes aplícase un criterio de prudencia á hora de consignar os mesmos.

Neste orzamento, consígnanse os ingresos estimados (127.634,26 €) de cómputo anual polos prezos públicos derivados da xestión directa do Parking do Centenario en base aos fluxos de caixa, e a ordenanza fiscal reguladora.

E, por último, no caso do prezo público polo centro de atención a primeira infancia, non se consignan ingresos por este concepto debido a gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3, salvo no caso do uso de comedor.

Compensacións de Unión Fenosa Distribución e demais compañías comercializadoras,

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Telefónica e outras empresas subministradoras de servizos similares: Tómanse contías a vista das comunicacións de ditas empresas e a execución do presente exercicio.

Outros ingresos (indemnización reposición danos en infraestruturas en bens públicos): Consígnase como previsión inicial o importe da contía de indemnizacións de aseguradoras por danos patrimoniais a vista dos expedientes abertos no ano 2024.

Capítulo IV: Transferencias correntes.

Os datos consignados neste capítulo baséanse na información xa coñecida e que se deriva de convenios e confirmacións de subvencións por parte dos entes concedentes das mesmas.

En canto a participación municipal nos tributos do Estado: Esta previsión experimenta unha leve variación do -0.31%, cunha consignación similar ao exercicio 2024 que ascende aos 8,1 millóns de euros.

Lémbrase que esta é a principal fonte de ingresos do Concello, polo que unha futura diminución que poda supoñer outras devolucións, ven afectar de xeito moi significativo á estrutura corrente do orzamento, e, como se verá, á capacidade de autofinanciamento de investimentos.

A consignación por este concepto efectúase en base aos datos que dispón este Concello de conformidade coa Lei 31/2022 de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para o ano 2024 e para o ano 2025, así como ao Real Decreto-lei 4/2024, e ao Real Decreto-lei 6/2025 de 17 de xuño.

No caso do Fondo de Cooperación Local, contémplase unha contía semellante a do orzamento 2024, ascendendo o total deste concepto a 869.375,42 euros, en base a información facilitada a este Concello pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Subvencións: Resulta innecesario pormenorizar cada unha delas, posto que están perfectamente definidas en cada concepto de ingreso. Seguindo un criterio de prudencia, inclúense con carácter xeral tan só aquelas que xa están confirmadas, de xeito que de concederse outras novas non previstas poderíase modificar o Orzamento Municipal pola vía da xeración de crédito.

Segundo os acordos adoptados polo Pleno da Corporación, neste orzamento figuran unha serie de subvencións da Deputación para o financiamento e reforzo da estrutura orzamentaria do ingreso corrente, a marxe das habituais:

- Subvención POS+ para gastos correntes: 797.053,90 euros (acordo Pleno sesión 06/02/2025).
- Subvención POS+ Adicional 4/2025 para gastos correntes: 421.181,73 euros (acordo Pleno sesión 27/10/2025)
- Subvención para gastos sociais extraordinarios: 134.012,37 euros.
- Subvención POS+ Adicional 3/2025 para amortiz. parcial préstamo PAI 2015:

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

229.735,49 euros

Tódalas achegas recibidas da UE a través dos distintos plans REACT-EU NEXT GENERATION do PRTR, agrúpanse no artigo 49 e clasifícanse nos distintos conceptos da clasificación de ingresos (Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro), de conformidade coas instrucións da IGAE.

Capítulo V: Ingresos patrimoniais.

Intereses de depósitos. Estímanse en 151 mil euros, cunha importante diminución do -149% respecto ao orzamento do ano 2024, en base a licitación das puntas ou excedentes da Tesourería municipal xa que no contexto económico actual minoráronse os intereses retribuídos das entidades bancarias respecto ao exercicio anterior.

A consignación é polo bruto a percibir, xa que dende o 1 de xaneiro de 1996 coincide co neto posto que as Administracións Territoriais están exentas do Imposto sobre Sociedades segundo a Lei 43/1995, de 27 de decembro.

Consígnase tamén, os ingresos anuais derivados do arrendamento dunha finca de titularidade municipal no Monte de San Alberto á empresa Gas Galicia SDG S.A, para a instalación provisional dun depósito de gas, así como as restantes concesións administrativas cunha consignación actualizada respecto a do orzamento 2024.

Capítulo VI: Alienacións de investimentos reais

Neste orzamento consígnanse 162.621,59 euros resultado da poxa pública de 14 rochos e 12 prazas de aparcamento.

Capítulo VII: Transferencias de capital .

Os conceptos de ingreso detallan as transferencias confirmadas, e que se explican por si mesmas no detalle do Estado de Ingresos e Anexo de Investimentos, con achegas procedentes dos Fondos da UE PRTR a través Comunidade Autónoma, da Deputación provincial e da Xunta de Galicia.

Tódalas achegas recibidas da UE a través dos distintos plans REACT-EU NEXT GENERATION do PRTR, agrúpanse no artigo 79 e clasifícanse nos distintos conceptos da clasificación de ingresos (Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro), de conformidade coas instrucións da IGAE.

Capítulo VIII: Activos financeiros.

Os recursos procedentes do capítulo 8 de ingresos establécense en base ao Acordo Marco para o persoal do Concello. Tales ingresos financiarán os anticipos ao persoal do capítulo 8 de

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

gastos.

Capítulo IX: Pasivos financeiros.

Recolle as operacións de crédito a tramitar no presente exercicio, co detalle e finalidade que se describen nos Estados de Ingresos, Anexo de Investimentos e Estado da Débeda.

Neste exercicio NON se contempla operación de endebedamento.

II- SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESIXIBLES E OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS.-

A) Estado de Gastos. Análise por clasificación económica.-

			Variación respecto ao orzamento 2024	
Orzamento de Gastos	**EUROS**	%s/total	%	Abs.
A) OPERACIONS CORRENTES	**25.510.614,89 €**	**85,73%**	**1,05%**	**264.831,26 €**
I. GASTOS DE PERSOAL	9.490.922,20 €	31,90%	1,35%	126.394,71 €
II. GASTOS CORRENTES	14.881.954,97 €	50,01%	0,70%	103.134,70 €
III. GASTOS FINANCEIROS	287.555,69 €	0,97%	14,11%	35.561,16 €
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	850.182,03 €	2,86%	-0,03%	-259,31 €
B) OPERACIONES DE CAPITAL	**4.245.845,46 €**	**14,27%**	**-33,34%**	**-2.123.967,12 €**
VI. INVESTIMENTOS REAIS	2.667.849,88 €	8,97%	-37,52%	-1.602.255,07 €
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.000,00 €	0,02%	-99,39%	-982.399,82 €
VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEIROS	50.000,00 €	0,17%	0,00%	0,00 €
IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FIANCIEIROS	1.521.995,58 €	5,11%	43,41%	460.687,77 €
TOTAL	**29.756.460,35 €**	**100,00%**	**-5,88%**	**-1.859.135,86 €**

GASTO CORRENTE

Capítulo 1: Gastos de persoal

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Concello de Ribeira

Dótanse os créditos necesarios para afrontar os gastos de persoal funcionario e laboral, de xeito tal que pola súa contía pasan a representar o 31,90% do orzamento total do Concello, sendo o segundo gasto por natureza en canto ao seu importe.

Este capítulo sitúase cun incremento do 1,35%, 126.394,71 euros mais respecto do ano 2024, en base as seguintes disposicións:

- Este ano o Estado non aprobou a Lei de Orzamentos nin outra normativa concordante en materia retributiva, o que ven a provocar que non exista incremento salarial para o persoal funcionario e laboral.

- Incremento adicional salarial (0,5%) segundo o disposto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para o ano 2024 e 2025. Este aumento estaba vinculado á evolución do PIB nominal, circunstancia que se confirmou mediante Acordo do Consello de Ministros de 1 de xullo de 2025, polo que se fixo efectivo neste ano 2025, abonándose como atrasos os importes correspondentes desde o mes de xaneiro de 2024.

- Incremento do 0,5% respecto do ano 2024, da dotación orzamentaria suficiente para as retribucións dos órganos de goberno segundo o acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o 19 de xullo de 2023, aínda que segundo acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o 21 de outubro de 2025, as dedicacións dos órganos de goberno redúcense nun -13%, non é posible o seu traslado ao presente documento polos custes extraordinarios non orzamentados do pago das vacacións ao persoal eventual saínte (secretario do alcalde e responsable de comunicación).

- Dotación extraordinaria orzamentaria e suficiente para a adaptación a normativa vixente dos postos afectados polo RD-Lei 6/2023, de 19 de decembro, en concreto pola Disposición transitoria sexta que modifica os intervalos de niveis correspondentes a cada grupo ou subgrupo de clasificación e que polo tanto motivarán dita adaptación na Relación de Postos de Traballo (RPT), sendo de obrigado cumprimento dende decembro do ano 2023.

- Consignación orzamentaria da carreira profesional, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 27 de marzo de 2023.

- Dotación orzamentaria para cubrir os postos de traballo de carácter estrutural e enumerados na Relación de Postos de Traballo.

Así mesmo, no orzamento do ano 2025 contémplase a incorporación dos seguintes postos de traballo:

a) de carácter fixo-descontinuo:

(12) auxiliares de policía.
(2) técnicos de turismo.
(3) condutores contraincendios.
(23) socorristas e xefes de praia.

b) de carácter temporal:

(3) peóns programa APROL RURAL.

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

(2) peóns programa RISGA.
(5) peóns PEL 2025
(2) técnicos programa PIE.
(1) peón forestal programa SNGX
(1) axente de innovación local
(1) traballador social
(1) educadora social

A contía dos diferentes conceptos retributivos a percibir polo persoal funcionario e laboral no exercicio 2025 axustaranse as seguintes normas:

A Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024 e para o ano 2025.

As retribucións íntegras do persoal funcionario e a masa salarial do persoal laboral ao servizo do Concello de Ribeira, adecúanse ao disposto Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño, no ano 2025 as retribucións dos traballadores públicos NON experimentan incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2024.
Neste exercicio só houbo unha actualización coma atrasos do incremento adicional do 0,5 por cento que dependía do cumprimento das condicións fixadas relativas ao incremento do IPC e do PIB. A masa salarial do persoal laboral NON experimenta incremento respecto ao ano 2024.

Non entanto, estarase ao que determine o Pleno da Corporación, e dentro dos límites que estableza a lei antes citada e demais normativa aplicable.

Así mesmo, e sempre que non se produza un incremento da masa salarial de dita Administración, nos termos que establece a presente Lei, poderanse realizar achegas aos plans de pensións.

Indicar tamén, que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2023, prorrogada para o ano 2024, e para o ano 2025, no seu artigo 20.5, ven a establecer que:

A contratación do persoal laboral, así como os nomeamentos do persoal funcionario e estatutario realizaranse con carácter fixo, indefinido ou permanente, segundo proceda.

Non se procederá a contratación de persoal temporal, ni ao nomeamento de persoal estatuario temporal o de funcionarios interinos salvo nos casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Respecto das cotas á Seguridade Social, tense en conta, como xa ven sucedendo en exercicios anteriores, o recargo do 8,20 por 100 (dende 01-01-96 por 20 anos) nas cotas dos funcionarios antes afiliados á MUNPAL, de acordo previsto no Real Decreto Lei 12/1995, e actualízanse as bases máximas e mínimas de cotización segundo o previsto no*Real Decreto-ley 3/2016, de 2 de diciembre, por el que se adoptan medidas en el ámbito tributario dirigidas a la consolidación de las finanzas públicas y otras medidas urgentes en materia social.*Asemade, tamén se contempla para este exercicio a modificación introducida pola Lei 37/2006, de 7 de decembro, relativa á inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social e á extensión da protección por desemprego a determinados cargos públicos e sindicais. Así, segundo esta

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

norma deberá contemplarse a cotización por desemprego para os cargos públicos, xa teñan dedicación exclusiva ou parcial.

Capítulo 2: Gastos en bens correntes e servizos.

Representa aproximadamente o 50,01 % do Orzamento Xeral, sendo o que rexistra a maior consignación de todo o orzamento, experimentando un moi importante incremento do 4,66% que ven a representar máis de 660 mil euros a maiores respecto ao ano 2024, motivo polo cal o obrigado fortalecemento da estrutura do ingreso corrente a través do POS para poder amparar todos estes gastos sen cobertura orzamentaria.

Así, as previsións contidas neste Estado de Gastos baséanse nos criterios e obxectivos prioritarios que a continuación se indican de forma resumida:

a) Con carácter xeral, os servizos manteñen ou actualizan as consignacións do orzamento 2024, porque xa non é que nos encontrásemos cun gasto totalmente executado, senón que non foron suficientes as consignacións orzamentarias dada a cantidade de facturas que figuran pendentes de pago e sen dotación orzamentaria, como se verá no expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito que acompaña a este proxecto de orzamento

b) A continuación, tamén dicir que existen servizos que sofren un aumento, por tratarse de servizos básicos para este Concello, como é o caso da atención a persoas dependentes, servizos sociais, educación, medio ambiente, etc.

c) Así mesmo, se consignan os créditos necesarios para atender aqueles gastos derivados de contratos ineludibles para o Concello, o contrato de recollida de residuos e limpeza viaria, o contrato de auga e saneamento, as EDAR (sen contrato), e o contrato da ESE en materia de alumeado público, desglosados segundo as prestacións tal e como dispoñen os pregos de condicións de dita contratación, todos eles coas debidas consignacións orzamentarias derivadas dos acordos do Pleno da Corporación. Tamén se recollen as consignacións derivadas dos expedientes de revisións de prezos e actualizacións de estes contratos.

d) Indicar tamén o incremento da consignación para facer fronte aos custes do canon de SOGAMA e que o mesmo vese atenuado polo ingreso extraordinario de 121.306,21 € derivado do novo fondo medioambiental creado pola Xunta para minorar o impacto da suba do canon para o ano 2025 que ven a representar en termos netos de 54 mil euros.

E xa para concluír indicar que existen dotacións orzamentarias extraordinarias para facer fronte ao financiamento dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para o pago de facturas pendentes.

Capítulo 3: Gastos financeiros.

En canto aos Capítulos III e IX, indicar que neles se recollen, respectivamente, as cantidades correspondentes ao pago de intereses e amortización da débeda viva do Concello.

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

No caso do capítulo III, o incremento total supón un 14,11%, dos cales, o 5,38% é consecuencia dos intereses dos novos préstamos bancarios concertados no ano 2024.

A diferenza restante, o 8,73%, responde aos intereses que nos vai a aplicar o Estado pola decisión da non execución e devolución de 275.000 euros relativos ao programa de fondos europeos de Fortalecemento da Actividade Comercial en Zonas Turísticas PRTR-NEXT GENERATION.

Capítulo 4: Transferencias correntes

Este capítulo mantén a mesma consignación que no ano 2024, ademais das achegas a grupos políticos do Pleno Municipal, determinadas subvencións que xa se veñen recollendo en exercicios anteriores, a distribución das cales levarase a cabo a través do oportuno procedemento público de concorrencia competitiva. Agora ben, tamén se consignan nominativamente dentro deste capítulo determinadas subvencións a outorgar directamente polo Concello, de acordo co detalle recollido na Base 51ª das de execución do orzamento e que foron aprobadas polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 29/09/2025.

	Beneficiario		
Obxecto e Finalidades	**NIF**	**Denominación**	***Importe***
Diversidade funcional – Convenio Asociación AMBAR	G15052434	AMBAR	3.400,00 €
Diversidade funcional – Convenio Asociación AMICOS	G15747678	AMICOS	3.400,00 €
Diversidade funcional - Convenio Asociación A CREBA	G15476310	A CREBA	3.400,00 €
Atención a infancia - Convenio Asociación FAIBEN	G27713379	FAIBEN	3.400,00 €
Campañas de prevención – Convenio Asociación Renacer	G15281611	Asociación Antidroga Renacer	3.400,00 €
Programa emerxencia social – Convenio Cáritas	R1500053B	CÁRITAS DIOCESANA	3.400,00 €
Programa emerxencia social – Convenio Cruz Roja	Q2866001G	CRUZ ROJA	3.400,00 €
Programa Universidade de Maiores	Q1518001A	Convenio USC	18.000,00 €
Contribución ao sostemento do Museo Etnográfico de Artes	G15140320	Centro Recreativo e Cultural de Artes	15.000,00 €
Subvención Festa da Dorna 2025	G15315682	Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna	40.000,00 €

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Subvención Festa do Percebe 2025	G15027220	Cofradía de pescadores de Carreira y Aguiño	15.000,00 €
Convenio Club Náutico – Fomento Escola de Vela	G15033152	Club Náutico Riveira	3.500,00 €
Convenio Asoc. Lajareu por Barlovento – Fomento Vela Tradicional	G15549090	Asociación Cultural Lajareu por Barlovento	2.000,00 €
Subvención Festa da Navalla 2025	G70368261	Asociación Cultural O Serriño os Mellores de Aguiño	4.000,00 €
Campaña comercio de Nadal 2024/2025 – Convenio	G15045594	Asociación de Empresarios de Ribeira	5.000,00 €
Contribución á Feira Gastromar	G15045594	Asociación de Empresarios de Ribeira	20.000,00 €
Contribución campañas apoio ao comercio 2025	G15045594	Asociación de Empresarios de Ribeira	20.000,00 €
Contribución á concentración moteira en Ribeira 2025	G70512199	Asociación Motoclub Os Reventapistóns	5.500,00 €
Confinanciamento progr. FO200	G15798168	Fundación Museo Artes Grabado	15.500,00 €
Programa axuda contra o cancro	G28197564	Asociación española contra o cáncer	3.400,00 €
Proxecto Ágape Refórzate	G72395023	ASOCIACIÓN GALEGA PARA O ACOMPAÑAMENTO PERSOAL E EDUCACTIVO	3.400,00 €
Convenio	G15108814	Liceo Marítimo de Ribeira	2.500,00 €
Convenio	R1500363E	ICE Renovación	3.400,00 €
Subvención XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia	G36231561	Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, CULTURMAR	40.000,00 €

Consígnanse as achegas aos clubs deportivos, ascendendo as mesmas a 150.000 euros para o apoio aos clubs, así como axudas para os deportistas individuais.

Tamén se inclúen dentro deste capítulo as achegas a realizar polo Concello á FEGAMP, FEMP, a Fundación Ruta Xacobea, ao Padroado da Fundación contra o Narcotráfico, ao Grupo de Acción Costeira GAC Ría de Arousa, a Asociación de Desenrolo Local DELOA, a Mancomunidade de Arousa Norte, a Asociación Red INNPULSO, ao Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e a Mancomunidade de Municipios de Arousa Norte.

Mantéñense as 3 liñas diferenciadas de subvencións a entidades sen fin de lucro:

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

- liña asociacións de maiores, dirixida aos clubs de xubilados e pensionistas radicados no municipio, ca mesma consignación do orzamento 2024.
- liña de actividades extraescolares, dirixida aos colexios públicos e concertados e asociacións de pais radicadas no municipio, ca mesma consignación do orzamento 2024.
- liña subvencións culturais, dirixida as asociacións sen fin de lucro radicadas no municipio, ca mesma consignación do orzamento 2024.

Dótase consignación en relación ca utilización do transporte público urbano no municipio, en aras a redución do impacto na cidade do uso do automóbil privado, e posibilitando a mobilidade para os mozos e mozas do Municipio con carácter gratuíto, a través do convenio asinado coa Xunta de Galicia, en virtude do cal redúcese o prezo do billete.

Así mesmo, o Concello de Ribeira, mantén o plan de mobilidade de transporte urbano escolar aos centros concertados, minorando o prezo do billete as familias.

Tamén dótanse partidas para os Premios Atlante e premios para concursos culturais.

GASTO DE CAPITAL

Capítulo 6: Investimentos reais

O seu detalle recóllese no Anexo correspondente, sendo un -37,52% respecto ao ano 2024.

Este capítulo ascende a un total de 2.673.849,88 euros dos que 813.008,07 euros son fondos propios, o que representa aproximadamente o 30,25% do importe total dos investimentos.

O seu detalle recóllese no Anexo correspondente. Todos os investimentos previstos neste documento que están financiados con subvención, contan co compromiso firme correspondente de achega por parte do ente subvencionador.

O último aspecto a destacar deste Orzamento é o relativo ao financiamento dos investimentos. Así, dedícase o sobrante do ingreso corrente (unha vez financiado o gasto corrente e a amortización de préstamos) a financiar os gastos de investimento que van permitir acometer as obras públicas necesarias para a cidadanía. Así pois, o financiamento de todo este investimento lévase a cabo en maior medida polos Fondos Propios, polas transferencias de capital procedentes da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia e polos Fondos da UE REACT-EU NEXT GENERATION a través da Xunta de Galicia.

Neste orzamento non existe operación de préstamo bancario para o financiamento de investimentos.

A totalidade de investimentos e o seu financiamento detállanse no Anexo de Investimentos do Orzamento.

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Capítulo 7: Transferencias de Capital

Existe consignación polo importe de 6.000 euros, para a dotación de equipamento ao novo Módulo Cuberto de Atletismo na Fieiteira.

Capítulo 8: Activos Financeiros.

Composición

Está en correspondencia co Capítulo VIII do Estado de Ingresos, establécense en base ao Acordo Marco para o persoal do Concello, a súa contía está determinada polo Acordo Marco para o Persoal do Concello, e ata esta contía pode autorizarse sen que se resinta a liquidez do Concello.

Capítulo 9: Pasivos Financeiros.

Corresponden ás amortizacións dos préstamos da carga financeira vixente. Detállase no Estado da Débeda incorporado ao expediente.

Este Capítulo experimenta un importante incremento do 43,41% respecto ao orzamento 2024, consecuencia das novas concertacións de operacións de préstamos segundo os respectivos acordos do Pleno da Corporación no ano 2024.

B) ESTADO DE GASTOS.- ANÁLISE POR CLASIFICACION POR PROGRAMAS DE GASTOS.-

Para a confección do orzamentotívose en conta a nova estrutura por programas e económica disposta pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que na súa parte de programa de gasto permite determinar, case de forma inmediata, os custes directos dos distintos servizos, aos que habería que engadir os custes indirectos (gastos comúns a todos os servizos como os gastos, a nivel de grupo de programa, dos órganos de goberno, administración xeral, administración financeira, débeda pública) e as amortizacións técnico-financeiras.

AREA DE GASTO 1: SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS

POLÍTICA DE GASTO 13: Seguridade e Mobilidade Cidadá

132 – Seguridade e Orde Público

Contempla a totalidade de gastos propios da Policía Local:

a) Gastos de persoal, dotación da totalidade de postos.
b) Gastos correntes: os necesarios para o normal funcionamento do servizo de Policía.

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

c) Investimentos reais: os mesmos detállanse no anexo de investimentos.

133 – Ordenación do tráfico e estacionamento

Contempla os seguintes gastos:

Gastos correntes: Contempla os custes de arrendamento de sete fincas para albergar os parking disuasorios. Así como unha dotación para o mantemento da rede semafórica existente.

Contémplase un moi importante incremento do 98,35% dos gastos asociados polo contrato asinado para os servizos de vixilancia derivados da xestión do Parking do Centenario, cunha consignación de 139.368 euros, neste caso para todo o ano 2025, posto que no ano 2024 figuraban 5 meses.

134 – Mobilidade Urbana

Transferencias correntes: Contempla consignación orzamentaria polo importe de 59.845,40 euros, cun leve incremento do 1,76% derivado do seu uso e que permite o fomento do transporte público a través do convenio asinado coa Xunta de Galicia para a implantación da Tarxeta de Transporte Metropolitano de Galicia (TMG), o cal proporciona unha importante rebaixa nos prezos dos billetes para os veciños/as, así como a Tarxeta Xove para os viaxes de balde.

135 – Grupo de Apoio e Emerxencias Municipal (GAEM).

Gastos de persoal: Aféctanse os gastos do persoal laboral do grupo de apoio a emerxencias municipal adscritos a esta área.

Gastos correntes: Os necesarios para o mantemento destes equipos de emerxencias.
Investimentos reais: Inclúe os investimentos en equipamento para o grupo de emerxencias.

136 – Servicio de Prevención e extinción de incendios

Dótase crédito necesario para os gastos correntes derivados do servizo de extinción de incendios e os 3 condutores motobomba.

POLÍTICA DE GASTO 15: Vivenda e Urbanismo

151– Urbanismo

Gastos de persoal: Inclúe os custes salariais dos empregados públicos adscritos a área de urbanismo.

Gastos correntes: Contempla os de mantemento do mencionado servizo.

CSV: 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0700E3M5P1S3K6E5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:25:09

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

POLITICA DE GASTO 16: Benestar comunitario

160 e 161 – Saneamento, abastecemento e distribución de augas

Gastos correntes: Mantense as consignacións derivadas do contrato de abastecemento e distribución de auga, así como o saneamento e as 2 EDAR (sen contrato, tal e como constan nos informes dos técnicos municipais), en termos similares ao orzamento 2024.

Investimentos reais: Novas redes de saneamento e renovación, ampliación e optimización das redes de auga que aparecen detalladas no Anexo de Investimentos de este Orzamento.

162 – Recollida, eliminación e tratamento de residuos

Recolle os gastos correntes incrementados nun 2,64% segundo o acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o 21/12/2023, na que modificouse o contrato inicial para incorporar a 5ª fracción ou contedor marrón, o que supón 134.806,65 euros a maiores.

serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:24:45

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8

g) O total do capítulo de transferencias de capital sufre unha minoración moi importante (-28,07%), como consecuencia de non existir ou xestionar novas subvencións ou axudas para novos investimentos, e como consecuencia da necesaria obriga de ter que dedicar o POS a gasto corrente por mor do gasto executado e as numerosas facturas pendentes de pago.

h) Por último, en relación ao capítulo 9 de ingresos, NON existe operación de endebedamento neste proxecto de Orzamento.

B) Estado de Gastos

As previsións contidas no Estado de Gastos deste proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2025 son:

O **Capítulo I** (gastos de persoal), a pesares de que o Estado non aprobou a Lei de Orzamentos nin outra normativa concordante en materia retributiva, o que ven a provocar que non exista incremento salarial para o persoal funcionario e laboral, este capítulo experimenta un incremento (1,35%), como consecuencia da actualización do 0,5% vinculado ao PIB, polo alto índice de baixas laborais e os custes indirectos que representan para o Concello, así como pola dotación extraordinaria orzamentaria e suficiente para a adaptación a normativa vixente dos postos afectados polo RD-Lei 6/2023, de 19 de decembro, en concreto pola Disposición transitoria sexta que modifica os intervalos de niveis correspondentes a cada grupo ou subgrupo de clasificación e que polo tanto motivarán dita adaptación na Relación de Postos de Traballo (RPT), sendo de obrigado cumprimento dende decembro de 2023.

O **Capítulo II** (gasto corrente) representa aproximadamente o 50,01 % do Orzamento Xeral, sendo o que rexistra a maior consignación de todo o orzamento. A través dos créditos consignados dentro deste capítulo trátase de garantir as obrigas e pagos aos autónomos, pemes e demais empresas subministradoras e ou prestadoras de servizos e obras que teñen as facturas presentadas e pendentes de pago.

Así, as previsións contidas neste Estado de Gastos baséanse nos criterios e obxectivos prioritarios que a continuación se indican de forma resumida:

a) Con carácter xeral, os servizos manteñen ou actualizan as consignacións do orzamento 2024, supoñendo un incremento do 4,66% que ascende a máis de 660 mil euros, porque xa non é que nos encontrásemos cun gasto totalmente executado, senón que non foron suficientes as consignacións orzamentarias dada a cantidade de facturas que figuran pendentes de pago e sen dotación orzamentaria, como se verá no expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito que acompaña a este proxecto de orzamento.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:24:45

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8

b) A continuación, tamén dicir que existen servizos que carecen de contrato polo feito de non formular e aprobar o obrigado expediente de contratación, contratos básicos o esenciais tan relevantes economicamente coma son:

servizo	importe	estado do contrato
Xestión das 2 EDAR e os tanques de tormenta	1,2 millóns de euros ao ano	SEN CONTRATO
Servizo de limpeza das dependencias e inmobles municipais	650 mil € ao ano	SEN CONTRATO
Servizo de telefonía e datos	100 mil euros ao ano	SEN CONTRATO
Servizo de vixilancia do contrato de recollida de lixo e limpeza viaria	22 mil euros ao ano	SEN CONTRATO
Servizo de vixilancia da saúde e resgos laborais	15 mil euros ao ano	SEN CONTRATO
Servizo de grúa	30 mil euros ao ano	SEN CONTRATO
Servizo de fotocopiadoras	65 mil euros ao ano	SEN CONTRATO
Servizo de desratización e desinsectación	14 mil euros ao ano	SEN CONTRATO

En canto aos **Capítulos III e IX**, indicar que nel se recollen, respectivamente, as cantidades correspondentes ao pago de intereses e amortización da débeda viva do Concello.

No caso do capítulo III, o incremento total supón un 14,11%, dos cales, o 5,38% é consecuencia dos intereses dos novos préstamos bancarios concertados no ano 2024.

A diferenza restante, o 8,73%, responde aos intereses que nos vai a aplicar o Estado pola decisión da non execución e devolución de 275.000 euros relativos ao programa de fondos europeos de Fortalecemento da Actividade Comercial en Zonas Turísticas PRTR-NEXT GENERATION.

O Capítulo IX experimenta un importante incremento do 43,41% respecto ao orzamento 2024, consecuencia das novas concertacións de operacións de préstamos segundo os respectivos acordos do Pleno da Corporación no ano 2024.

Polo que se refire ás transferencias correntes, o **Capítulo IV**, indicar que no mesmo consígnanse, ademais das achegas a grupos políticos do Pleno Municipal, tamén se consignan nominativamente dentro deste capítulo determinadas subvencións a outorgar directamente polo Concello, de acordo co detalle recollido na Base 51ª das de execución do orzamento e que foron aprobadas polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 29/09/2025, e promovidas polos grupos que representan este novo equipo de Goberno (PP-PBBI)

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:24:45

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8

No **capítulo VII** de transferencias de capital, contémplase consignación polo importe de 6 mil euros para a dotación de equipamento ao novo Módulo Cuberto de Atletismo na Fieiteira.

En referencia á **capítulo VI** de investimentos, o seu detalle recóllese no Anexo correspondente. Todos os investimentos previstos neste documento que están financiadas con subvención, contan co compromiso firme e correspondente de achega por parte do ente subvencionador.

Entre a relación de investimentos, vémonos na obriga de incluír 3 actuacións que contaban con financiamento no ano 2024, e que encontrámonos ca perda das subvencións polo feito de non xustificalas en prazo:

Actuación	***motivo***	***orzamento***	***consecuencia***
Reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica para o novo P.I.	perda da subvención anualidade 2024	***47.856,71 €***	minoración dos fondos propios dispoñibles do Concello
obra Remodelación Praza do Centenario (proxecto FACZT PRTR-NEXT GEN) (vtas plazas garage)	Perda da subvención financiamento da obra	***57 mil euros***	minoración dos ingresos pola venda das prazas de garaxe e rochos
PSTD. Recuperación e posta en valor da senda dos muiños de auga do río Saíñas. eixe 1	Reintegro dos gastos de honorarios redacción do proxecto da Senda	***9.619,50 €***	perda da elixibilidade do gasto ao non levar adiante a actuación

Outro aspecto a destacar deste Orzamento é o relativo ao financiamento dos investimentos. Así, fomos quen de dedicar o sobrante do ingreso corrente (unha vez financiado o gasto corrente e a amortización de préstamos) a financiar os gastos de investimento que van permitir acometer as obras públicas necesarias para a cidadanía, como poden ser o caso:

Actuación	***orzamento***
Outros investimentos novos na rede de saneamento	***58 mil euros***
Outros investimentos novos na rede de auga potable	***57 mil euros***
Dotación de reforzo lumínico nas vías públicas	***60 mil euros***

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:24:45

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8

Dotación de Melloras nos colexios	***70 mil euros***
Mobiliario urban	***20 mil euros***
Dotación de novos fondos bibliográficos - Biblioteca Municipal	***6 mil euros***
Obras menores e pavimentacións nas Parroquias	***131 mil euros***
Proxecto de musealización edificación anexa a Conserveira Cerqueira, fase 1	***15 mil euros***
Equipamento Novo Módulo Atletismo	***6 mil euros***

Tamén houbo que dotar de financiamento as seguintes obras propostas polo Goberno anterior e aprobadas polo Pleno da Corporación, pero que carecían dos fondos propios necesarios para poder levalas adiante:

Actuación	***orzamento***
Dotación dun Parque infantil na Praza do Centenario	***213 mil euros***
Renovación da rede de abastecemento e pavimentación en Fafián - (POS+ Adicional 2/2025) 2ª fase	***135 mil euros***
Pavimentación e renovación da rede de saneamento na Rua Alcalde Fernández Bermúdez - (POS+ Adicional 2/2025) 2ª fase	***79 mil euros***

Os concretos investimentos e o seu financiamento detállanse no Anexo de Investimentos do Orzamento

Bases de Execución do Orzamento

De acordo co previsto no Real Decreto 500/1990 e no RDL 2/2004, as Bases de Execución son o equivalente a un Regulamento de Orzamentos Xerais a nivel do Concello. Regúlanse as seguintes materias:

- Niveles de vinculación xurídica dos créditos.
- Relación de créditos ampliables
- Regulación das transferencias de crédito.
- Tramitación dos expedientes de modificación de crédito e incorporación de remanentes de créditos.
- Normas reguladoras do procedemento de execución do Orzamento.
- Desconcentracións e delegacións en materia de autorizacións e disposicións de gastos.
- Documentos e requisitos que xustifiquen o recoñecemento das obrigacións.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:24:45

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8

- Acumulación de fases de execución do gasto.
- Pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.
- Regulación de gastos plurianuais.
- Fiscalización.
- Criterios de dubidoso cobro a aplicar para calcular o remanente de tesourería.
- Normas que han de rexer a concesión de subvencións.

Basicamente, o contido das Bases de Execución mantense nos mesmos termos que no exercicio anterior, co fin de convertelas nun auténtico instrumento de execución do orzamento de acordo co esixido na normativa reguladora das facendas locais, de xeito tal que en relación ao seu contido interesa destacar o seguinte:

a) Establécese unha referencia explícita para o caso de subvencións nominativas a conceder no exercicio, se fora o caso, non previstas inicialmente no Orzamento.

b) Inclúese o listado de subvencións nominativas previstas no Orzamento inicial.

c) Adaptación de determinadas normas o previsto na nova normativa contable de aplicación para a Administración Local.

d) Establécese a competencia da Alcaldesa-Presidenta ou da Xunta de Goberno Local para aprobar aquelas modificacións do anexo de investimentos que non leven aparelladas alteracións do importe máximo da operación de préstamo a concertar, se fora o caso, sempre e cando as alteracións afecten a partidas pertencentes ao mesmo nivel de vinculación xurídica. Todo isto co fin de axilizar a xestión destas modificacións.

e) Establécense tamén unhas partidas específicas de transferencias correntes e de capital, a distribución das cales levarase a cabo por Decreto de Alcaldía, unha vez cumprido por parte dos seus beneficiarios os requisitos previstos para elo nas bases de execución.

PROPOSTA

Preséntase así o Orzamento Xeral do exercicio 2025 para o Concello de Ribeira no que se recollen os recursos previsibles a través dos cales tratar de alcanzar os obxectivos formulados por este goberno municipal.

Por todo o exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes Acordos:

1. Aprobar o Orzamento Xeral do Concello para 2025, composto polo Orzamento Municipal, por un importe nivelado en gastos e ingresos de 29.756.460,35 € euros segundo os detalles dos Estados de Ingresos e Gastos que se acompañan.
2. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2025 que se achegan.
3. Aprobar o cadro de persoal que se inclúe como Anexo no Expediente do Orzamento Xeral.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:24:45

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8

4. Declarar os postos de traballo que se relacionan no cadro de persoal temporal como esenciais e prioritarios para levar a cabo a contratación laboral temporal.

En Ribeira, a data da sinatura dixital.

A ALCALDESA

María Sampedro Fernández.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:24:45

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E90019BA0800B5X5E3Q1M9G8

Concello de Ribeira

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que as Corporacións Locais aprobarán, no seu ámbito, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.

Visto o proxecto de Orzamentos do Concello de Ribeira para o ano 2025.

Visto o informe de Intervención, que afirma que ditos orzamentos cumpren o obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

Visto que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria é de 30.038.190,06 euros e que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto é de 36.059.448,97 euros,

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Ribeira o seguinte:

PRIMEIRO.- Establecer como límite máximo de gasto non financeiro nos Orzamentos iniciais para 2024 a cantidade de 30.038.190,06 euros.

En Ribeira, á data da sinatura dixital

A Alcaldesa,

María Sampedro Fernández

CSV: 07E90019BA0B00U0V8A1Y3P7L1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0B00U0V8A1Y3P7L1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 15:24:37

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

INTERVENCIÓN
ASUNTO: INFORME AO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA O EXERCICIO 2025.

En cumprimento do establecido no artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, foi formado pola Alcaldía-Presidencia desta Corporación o proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico correspondente ao ano 2025, uníndose ao mesmo a documentación prevista no citado artigo, así como os anexos que sinala o artigo 166 do propio texto refundido.

Examinado o citado Orzamento Xeral, así como a documentación que acompaña ó mesmo, emítese o preceptivo informe da Intervención Municipal para dar así cumprimento ao disposto no artigo 168.4 do TRLRFL, en relación co artigo 4.1.b)2º do R.D. 128/2018, polo que se regula o réximen xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, co alcance previsto no 54.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réximen Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/86.

O presente informe estrutúrase nos seguintes epígrafes:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local.
- RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, de desenrolo en materia orzamentaria.
- Orden de 3 de decembro de 2008, que establece a estructura dos orzamentos das Entidades Locais, modificada pola orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.
- Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Nova Instrucción Contable do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Lei 47/2003, Xeral Orzamentaria.

O ORZAMENTO XERAL

De acordo co RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Orzamento Xeral da Entidade constitúe a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, **poden** recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que se **prevén** liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís, o capital social das cales, pertenza íntegramente á Entidade Local.

As Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral, no que se integrarán:

- O Orzamento da propia Entidade.
- En caso de existir, os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.
- En caso de existir, os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís o capital social das cales pertenza íntegramente á Entidade Local.
- As Bases de Execución do Orzamento da propia Entidade.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

O Orzamento Xeral conterá para cada un dos Orzamentos que en él se integren:

- Os estados de gastos, nos que se incluirán coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Ao Orzamento Xeral uniranse como anexos:

a) Os programas anuais de actuación, inversión e financiación das Sociedades Mercantís de cuxo capital social sexa titular único ou partícipe maioritario a Entidade Local.
b) O estado de consolidación do Orzamento da propia Entidade co de todos os orzamentos e estados de previsión dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís.[1]
c) Os plans e programas de inversión e financiación que, no seu caso e para un prazo de catro anos, poden formular os Municipios e demáis Entidades Locais de ámbito supramunicipal.
d) Estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou endebedamento pendentes de reembolso ao principio de exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao largo do mesmo e do volumen de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a corto prazo, operacións a largo prazo, de recurrencia ao mercado de capitales e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

Os Orzamentos axustaranse á estructura establecida pola Orden do Ministerio de Economía e Facenda de 3 de decembro de 2008, modificada en 2014.

Cada un dos Orzamentos que integran o Orzamento Xeral deberá aprobarse sen déficit inicial. Asimesmo, ningún dos Orzamentos poderá presentar déficit ao longo do exercicio, en consecuencia, todo incremento nos créditos orzamentarios ou decremento nas previsións de ingresos deberá ser compensado no mesmo acto en que se acorde.

Neste punto, indicar que o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2025, contén a documentación detallada nos párrafos anteriores, excepto a que se contempla nos apartados a), b) e c) dos anexos, por canto que os plans e programas de inversión e financiación teñen un carácter potestativo, e respecto á documentación a que se refiren os apartados a) e b) o Concello de Ribeira non conta con persoas xurídicas deste tipo.

<u>TRAMITACIÓN E DOCUMENTACIÓN</u>:

O Proxecto de Orzamento Xeral formarao o Presidente da Entidade, sobre a base dos estados de previsión e orzamentos antes sinalados. Ao mesmo haberá de unirse a documentación sinalada no artigo 168.1 do TRLRFL:

- MEMORIA explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

[1] Os apartados a) y b) refírense ao caso no que o Municipio conte con persoas xurídicas deste tipo.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO ANTERIOR e avance da do corrente, referida a lo menos a seis meses do mesmo.
- ANEXO DE PERSONAL da Entidade Local.
- ANEXO DAS INVERSIONS a realizar no exercicio.
- ANEXO DE BENEFICIOS FISCAIS.
- ANEXO DE CONVENIOS suscritos coas CCAA en materia de gasto social.
- INFORME ECONÓMICO FINANCEIRO no que se expoñan as bases utilizadas para a evaluación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.
- INFORME DE INTERVENCIÓN.

As Fases da tramitación do Orzamento son as seguintes:

a) *Elevación ao Pleno*. O Proxecto de Orzamento Xeral, informado polo Interventor e dictaminado pola Comisión Informativa de Facenda xunto cos anexos e documentación complementaria, será remitido polo Presidente ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, enmenda ou devolución.
b) *Aprobación inicial do Orzamento polo Pleno da Corporación*, por maioría simple dos membros presentes. (O acordo de aprobación, que será único, haberá de detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente).
c) *Información pública* por espacio de quince días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.
d) *Resolución de todalas reclamacións presentadas*. O Pleno disporá para resolvelas do prazo dun mes.
e) *Aprobación definitiva*. O Orzamento Xeral considerarase definitivamente aprobado se ao término do período de exposición non se presentaran reclamacións; en caso contrario, requerirase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente.
f) *Publicación*. O Orzamento Xeral definitivamente aprobado será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese e, resumido por capítulos de cada un dos Orzamentos que o integren, no da Provincia.
g) *Remisión do expediente e entrada en vigor*. Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultáneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia. O Orzamento Xeral entrará en vigor no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo 169 do TRLRFL e no artigo 20.3 do RD 500/90.
h) *Información Permanent*e. A copia do Orzamento e das súas modificacións deberá atoparse a disposición do público a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio, de acordo co disposto no artigo 169.7 do TRLRFL.
i) *Recursos*. Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nas normas de dita xurisdicción (artigo 171 TRLRFL).

<u>ORZAMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA O ANO 2025</u>

O Orzamento Xeral do Concello de Ribeira para o ano 2025, integrado unicamente polo do propio Concello, ascende a VINTE E NOVE MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA EUROS E TRINTA E CINCO CÉNTIMOS

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

(29.756.460,35€), frente aos 31.615.596,22 euros do exercicio 2024, o último aprobado, que supón unha diminución de 1.859.135,87 euros, o que en termos porcentuais supón un 5,88 por cento menos.

A continuación, analízanse brevemente os aspectos e datos máis significativos do Orzamento, dende o punto de vista desta Intervención:

Ante todo, indicar que o Orzamento Municipal para o exercicio 2025 presenta o seguinte resumo por capítulos da clasificación económica:

INGRESOS		**GASTOS**	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	7.363.664,71	I.- GASTOS DE PERSOAL	9.490.922,20
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	550.000,00	II.- GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS	14.881.954,97
III.- TASAS E OUTROS INGRESOS	6.867.640,33	III.- GASTOS FINANCIEIROS	287.555,69
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	12.859.042,89	IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES	850.182,03
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	205.270,61		
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**27.845.618,54**	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**25.510.614,89**
VI.- ENAXENACIÓN INVERSIÓNS REAIS	162.621,59	VI.- INVERSIÓNS REAIS	2.667.849,88
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.698.220,22	VII.- TRANSFERENCIAS CAPITAL	6.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEIROS	50.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCIEIROS	50.000,00
IX.- PASIVOS FINANCIEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCIEIROS	1.521.995,58
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**1.910.841,81**	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**4.245.845,46**
TOTAL ORZAMENTO	**29.756.460,35**	**TOTAL ORZAMENTO**	**29.756.460,35**

INGRESOS.

O orzamento de ingresos experimenta no seu conxunto unha diminución do 5,88% respecto ao exercicio anterior.

Dende o punto de vista desta Intervención, a orzamentación do orzamento de ingresos considérase correcta, coas precisións sinaladas a continuación.

Así, as consignacións iniciais básanse nos datos da liquidación do exercicio anterior e, no seu caso, no resultado de aplicar as modificacións previstas para as Ordenanzas en vigor durante o exercicio 2025. Séguese en xeral, e como ven sendo habitual nos últimos exercicios, un criterio de prudencia. En relación aos capítulos de transferencias, e como xa ven sendo costume, óptase por incluir aquelas achegas xa confirmadas ou que se corresponden con convenios prorrogables. No caso de incluirse subvencións aínda non confirmadas non se disporá do crédito que financian en tanto non se obteña a correspondente confirmación.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

O capítulo que aporta maior ingreso dentro do orzamento xeral é o de transferencias correntes (o 43,21 % do total do orzamento), seguido dos capítulos de impostos directos (24,75%), taxas e outros ingresos cun 23,08% e transferencias de capital (5,71%). Os capítulos que menos contribúen ao orzamento total de ingresos son os de impostos indirectos (1,85%), o de ingresos patrimoniais (0,69%), o de activos financeiros (0,17%) e o de alleamento de investimentos reais (0,55%).

Así as cousas, analicemos a continuación a xustificación das variacións que experimenta o orzamento de ingresos para o exercicio 2025:

1.- Os **recursos propios do capítulo 1** de ingresos, increméntase nun 11,15%, e calcúlanse en base aos datos da liquidación do exercicio 2024, así como da aplicación das Ordenanzas que van rexir para o exercicio 2025 e dos padróns vixentes para cada imposto.

Para o caso **do IBI de natureza urbana e rústica**, tivéronse en conta os datos facilitados dende a Dirección Xeral do Catastro e da Deputación de A Coruña, pero tendo tamén presente o feito de que o Concello vai aplicar as reducións correspondentes sobre a cota a liquidar, e as posibles bonificacións. Así as cousas, a consignación inicial mantense nunha cifra similar a do 2024 no caso do IBI de natureza rústica, e no caso de IBI urbana increméntase no 9,49%, se ben a execución á data actual fai difícil que se chegue a cumprir este aumento da previsión na súa totalidade.

A previsión do **Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica** presenta unha cifra similar a de 2024.

No caso do **Imposto sobre Actividades Económicas** orzaméntase unha cifra igual a do exercicio anterior.

Con respecto ao **Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbán** a cifra orzamentada é superior a de 2024 en 250.000 euros, o que é consecuente coa execución que presenta actualmente. En todo caso, trátase dun imposto no que ao non existir un padrón a súa previsión tense que basear nunha estimación, a cal neste caso tamén se sustenta pola información sobre compraventas de fincas realizadas neste Concello e das que se ten coñecemento na Intervención a través, entre outros, da información remitida dende as notarías.

2.- O **capítulo 2 de impostos directos**, o ICIO, aumenta as súas previsións en 50.000 euros. Atendendo aos dereitos recoñecidos en 2024 e nos meses transcorridos de 2025 estímase correcta. Non obstante, a posible presentación de solicitudes de devolución podría afectar á cifra dos dereitos recoñecidos.

3.- Para o caso do **capítulo 3**, **"Taxas e Prezos Públicos"**, o importe previsto aumenta en 99.184,64 euros con respecto ao 2024.
Prodúcense incrementos en determinadas aplicacións como nas taxas de recollida de lixo, servizos deportivos, servizos urbanísticos, prezo público centro de atención á primeira idade ou prezo púbico de párking público. Estes aumentos reflicten os dereitos recoñecidos no 2024 e no 2025.
Por outra banda, tamén se recollen diminucións en varios conceptos como taxa por abastecemento de auga ou saneamento.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Outros ingresos: Consígnanse contías análogas ás orzamentadas no exercicio 2024, á vista do estado de execución do exercicio anterior.

4.- Os recursos do **capítulo 4 de ingresos** "Transferencias Correntes" recolle unha cifra superior en 593.529,47 euros á de 2024.

As Transferencias Correntes son recursos concedidos ao Concello por outros entes públicos (principalmente) ou privados. A composición interna deste capítulo pode variar moito dun ano a outro, se ben hai algunhas transferencias presentes todos os anos. Aquí inclúense, principalmente, a Participación en Tributos do Estado, o Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia, e aquelas subvencións "concertadas" que, en base a acordos de exercicios anteriores, son obtidas polo Concello cada exercicio.
As subvencións recollidas nas previsións iniciais enuméranse no informe económico financeiro do Orzamento.
Na medida en que parte das subvencións aínda non están confirmadas, pero consignáronse igualmente nas previsións iniciais de ingresos por tratarse de subvencións que se veñen concedendo todos os anos, esta Intervención, seguindo un criterio de prudencia, considera adecuado que se efectúe a oportuna declaración de non dispoñibilidade nos conceptos orzamentarios de gasto que se financien con ditas subvencións non confirmadas, de maneira que unha vez concedidas procédase á realización da oportuna reposición a dispoñible pola cantidade efectivamente outorgada. No caso de que ésta sexa superior á prevista, procederase a efectuar a correspondente Xeneración de Crédito.

En canto a participación municipal nos ingresos do Estado: a consignación atende ás entregas á conta que se están realizando durante este ano 2025, sendo o seu importe total de 7.573.105,13 euros.
Tamén se recolle a liquidación definitiva do ano 2023, que ascende a 535.601,90 euros.

No caso do Fondo de Cooperación Local, increméntase a contía do 2024 en 19.985,14 euros, resultando un total de 889.375,42 euros.

Subvencións: Resulta innecesario pormenorizar cada unha delas, posto que están perfectamente definidas en cada concepto de ingreso. Seguindo un criterio de prudencia, inclúense con carácter xeral tan só aquelas que xa están confirmadas, de xeito que de concederse outras novas non previstas poderíase modificar o Orzamento Municipal pola vía da xeración de crédito.

Inclúense tamén outras non confirmadas pero que se veñen concedendo todos os anos, ou no último exercicio, se ben nestes casos condiciónase o gasto á confirmación por escrito do compromiso de ingreso.

5.- O **capítulo 5 de ingresos** presenta unha consignación inferior a de 2025 en 225.371,34 euros.

A consignación é polo bruto a percibir, xa que dende o 1 de xaneiro de 1996 coincide co neto posto que as Administracións Territoriais están exentas do Imposto sobre Sociedades segundo a Lei 43/1995, de 27 de decembro.

Consígnase tamén, o ingreso anual derivado do aluguer dunha finca de titularidade municipal no Monte de San Alberto á empresa Gas Galicia SDG S.A, para a instalación provisional dun depósito de gas, así como as restantes concesións administrativas.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Incorpórase unha previsión de xuros de depósitos en contas bancarias de 151.449,86 euros, tendo en conta a operación lanzada pola tesourería municipal para rendabilizar os excedentes de tesourería.

6.- O **capítulo 6 de ingresos** ten unha consignación de 162.621,59 euros, correspondentes á venta de trasteiros e prazas de garaxe.

7.- O **capitulo 7** presenta unha cantidade inferior en 662.809,52 euros á recollida no exercicio 2024.
Figuran subvencións da Xunta de Galicia por importe de 342.350,69 e da Deputación Provincial da Coruña por importe de 1.355.869,53 euros.
Neste punto, indicar que ao igual que sucedía en relación ao capítulo 4 de transferencias correntes, para o caso destas subvencións non confirmadas, deberá condicionarse a dispoñibilidade do crédito para a adxudicación e execución das obras que financian á confirmación de tales ingresos.

8.- En relación ao **capítulo 8 de ingresos**, nada que sinalar. Consígnase a contía segundo establece o Acordo Marco para o persoal do Concello, ao igual que sucede co capítulo 8 de gastos, por canto que estes ingresos son os que financian os anticipos ao persoal do capítulo 8 de gastos.

9.- O **capítulo 9 de ingresos**, non recolle ningunha previsión, aínda así posteriormente analizarase a capacidade de endebedamento do Concello.

GASTOS

Capítulo 1. Gastos de personal.

Neste capítulo dótase o crédito necesario para facer fronte aos gastos de persoal funcionario e laboral do Concello, así como o dos cargos políticos que contan con adicación e do persoal eventural.
O importe total do capítulo 1 alcanza este ano a cifra de 9.490.922,20 euros, frente a 9.364.527,49 euros do ano anterior, o que supón un incremento de 126.394,71 euros, que en termos porcentuais é do 1,35%.

Este aumento do gasto do capítulo 1 ven motivado polos seguintes feitos:

1º) Incremento de retribucións previstas no Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño : no ano 2024 as retribucións dos traballadores públicos poderán experimentar un incremento global máximo do 2 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2023, en termos de homoxeneidade para os dous periodos de comparación. Fixa un incremento adicional do 0,5 por cento que dependerá do cumprimento das condicións fixadas relativas ao incremento do IPC e do PIB. A masa salarial do persoal laboral tamén poderá incrementarse na porcentaxe máxima sinalada anteriormente. Esta circunstancia constatouse no ano 2025, sendo este o exercicio no que houbo que facer fronte a este aumento e aboas os atrasos con efectos de 1 de xaneiro de 2024.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

2º) Recóllese o crédito necesario para dar cumprimento á disposición transitoria sexta do Real Decreto-lei 6/2023, que establece os niveis mínimos e máximos para cada grupo de funcionarios, previa modificación da RPT nese sentido.

Figuran os créditos necesarios para as retribucións dos órganos de goberno derivadas dos acordos plenarios de data 19 de xullo de 2023 e 21 de outubro de 2025.

Tamén se recolle o crédito necesario para o abono da carreira profesional, despois de que o Pleno aprobase definitivamente o seu regulamento en data 27 de marzo de 2023.

Recóllese o crédito necesario para facer fronte ás cotizacións sociais que o Concello de Ribeira está obrigado a realizar polos seus traballadores.

Outro aspecto a comprobar é o cumprimento das limitacións que establece o artigo 7 del RD 861/1986 polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, co seguinte tenor:

1. *Los créditos destinados a complemento específico, complemento de productividad, gratificaciones y, en su caso, complementos personales transitorios, serán los que resulten de restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluída la referida al personal laboral, la suma de las cantidades que al personal funcionario le corresponden por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino.*
2. *La cantidad que resulte, con arreglo a lo dispuesto en el número anterior, se destinará:*
    a) *Hasta un máximo del 75% para complemento específico, en cualquiera de sus modalidades, incluyendo el de penosidad o peligrosidad para la policía municipal y servicio de extinción de incendios.*
    b) *Hasta un máximo del 30% para complemento de productividad.*
    c) *Hasta un máximo del 10% para gratificaciones.*

Efectuados os cálculos establecidos neste artigo, resulta que a masa retributiva global dos funcionarios é de 2.778.019,96 euros. Unha vez restados as retribucións básicas e o complemento de destino(1.844.965,35 euros) a cantidade resultante (933.054,61) é a base para o cálculo dos límites anteriormente citados:

a) O 75% desa cantidade é 699.790,96, polo tanto o complemento específico (660.660,07 euros) está dentro do límite.
b) O 30% desa cantidade é 279.916,38, estando o complemento de produtividade (194.394,54 euros) dentro do límite.
c) O 10% ascende a 93.305,46, polo que as gratificacións (78.000 euros) non superarían o límite.

Outra matización referida a RPT é a derivada do artigo do artigo 38 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, que establece o seguinte:

"2. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

3. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente."

No anexo de persoal recóllense a totalidade de postos recollidos na RPT, despois da aprobación definitiva da modificación desta no Pleno do 27 de marzo de 2023, con excepción dos postos de membros da brigada de incendios, que están reservados a persoal fixo discontinuo, e que no ano 2025 non foron contratadas por non levarse a cabo o programa correspondente.

Tamén se recolle o crédito necesario para realizar achegas ao plan de pensións do persoal, de acordo coas limitacións recollidas no apartado catro do artigo 6 do Real Decreto-Lei 4/2024, que establece que no sector público poderanse realizar aportacións a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo, sempre que non se supere o incremento global fixado neste apartado. A aportación ao plan de pensións increméntase nun 18,10%, aínda que habería que analizar dito incremento en termos de homoxeneidade, xa que estaría creado por un aumento dos beneficiarios do mesmo.

En canto a contratación do persoal laboral temporal previsto no anexo de persoal, haberá que estar ao disposto na Lei de Orzamentos do Estado de 2023, prorrogada a 2025, que establece no seu artigo 20.4 que non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nombramento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Capítulo 2. Gastos en bens e servicios correntes.

O capítulo 2 de gastos supón o 50,01% do orzamento. Esta capítulo increméntase en 103.134,69 euros con respecto ao 2024, o que supón un aumento do 0,70 por cento.

En relación ao emprego de fondos públicos consignado neste capítulo de gastos, o de maior dotación dentro deste orzamento, esta Intervención ten a ben mencionar o feito de que os contratos ineludibles para o Concello (alumeado, subministro de auga, recollida de lixo, limpeza viaria, SOGAMA, empresa de xestión deportiva, servizo de limpeza de interiores, servizo de axuda no fogar, escola infantil,...) están dotados tendo en conta o gasto ao que atender durante este exercicio.

Resulta moi aconsellable para os Concellos manter unha política de contención do gasto corrente, para así evitar desaxustes nas liquidacións orzamentarias.

Así mesmo, faise preciso manifestar que resulta necesario adoptar as actuacións que permitan garantir o cumprimento das previsións realizadas no orzamento para o ano 2025.

Capítulos 3 e 9. Xuros e Amortización da Débeda.

No exercicio 2025 increméntanse en 35.561,16 euros os gastos financeiros, debido fundamentalmente ao aumento do EURIBOR, que leva aparellado o incremento dos tipos de xuro aplicables aos préstamos concertados.

No caso do capítulo 9 referente ás amortizacións, aumenta en 460.687,77 euros, como consecuencia da finalización do prazo de carencia de varios préstamos.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Na parte final deste informe inclúese un análise da capacidade de endebedamento do Concello.

Capítulos 4 e 7. Transferencias correntes e de capital.

Capítulo IV:

O gasto en transferencias correntes diminúe con respecto ao 2024 en 259,31 euros, e recolle o crédito necesario para as convocatorias de subvencións e subvencións nominativas previstas.

Capítulo VII.

Prevése unha consignación de 6.000 euros, para facer fronte á condición onerosa da donación de material deportivo para o complexo da Fieiteira.

Capítulo 6. Inversións Reais.

Experimenta unha diminución de 982.399,82 euros respecto ao exercicio anterior.

O seu detalle recóllese no anexo de inversións para o exercicio 2025 onde se reflicte o financiamento das mesmas.

O análise do Anexo de Investimentos pon de manifesto que aproximadamente o 63,65% dos investimentos se financian con recursos alleos (fundamentalmente pola Deputación, fondos Next Generation e Xunta), o 6,10% finánciase mediante a venta de prazas de garaxe e rochos e o 30,25€ restante dos investimentos finánciase con fondos propios.

EFECTIVA NIVELACIÓN ORZAMENTARIA.

O Orzamento preséntase inicialmente nivelado (é dicir, as previsións de gasto non superan ás de ingreso). No caso das transferencias (especialmente nas correntes), as estimacións de ingresos están feitas sobre unha base prudente consignando subvencións que xa están confirmadas ou que son consecuencia de convenios ratificados polo Concello ou de acordos adoptados. Agora ben, tamén se consignaron algunhas subvencións que aínda están pendentes de confirmación, se ben condiciónase a dispoñibilidade dos créditos á confirmación das mesmas. E o mesmo criterio se aplica para as transferencias de capital.

Dende o punto de vista da Intervención, nestes casos resulta sempre preferible aplicar o principio de prudencia, mantendo en cotas mínimas a cifra do orzamento, de modo que só se consignen inicialmente aquelas subvencións respecto das que conste documentalmente a oportuna concesión, de modo que aquelas que vaian sendo confirmadas ao longo do ano dan lugar á oportuna xeración de créditos. De todas maneiras, a declaración da non dispoñibilidade dos créditos correspondentes garanten que non se executen gastos que non conten coa oportuna cobertura orzamentaria, co cal o criterio de prudencia continúa aplicándose.

Por outra banda, indicar que tamén existe nivelación interna posto que o ingreso corrente (27.845.618,54 euros) é suficiente para cubrir o gasto corrente máis a anualidade de amortización da débeda (25.510.614,89+1.571.995,58=27.082.610,47 euros). Esta circunstancia ponse de manifesto a través do cálculo do AFORRO ORZAMENTARIO. O aforro, tal e como se detalla despois, constitúe unha medida moi fiable da saúde financeira dun Concello, na

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

medida en que pon de manifesto a súa "capacidade de autofinanciamento". É dicir, informa do importe que a Entidade pode destinar a gastos de capital sen necesidade de recorrer ao endebedamento ou ás achegas de entes externos, en forma de subvención. Así, este excedente ven a coincidir co importe dos fondos propios empregados para o financiamento de gastos de capital. Trátase, polo tanto, dun dato fundamental dado que, en principio, ningún ingreso de capital pode destinarse a gasto corrente: as subvencións son finalistas, o alleamento de bens municipais está afectada ó financiamento de gastos de capital e os reembolsos de pagos ao persoal están afectados pola súa condición de partida ampliable ao gasto de anticipos ao persoal. Polo tanto, só as operacións de crédito, e cumprindo os requisitos do artigo 177.5 do TRLRHL, poderían financiar gasto corrente.
O importe deste aforro orzamentario é de 763.008,07 euros. No orzamento aprobado en 2024 era de 282.519,61 euros.

UTILIZACIÓN DA VÍA DO CRÉDITO.

O artigo 53.1 do TRLRHL establece os dous ratios para analizar o endebedamento local:

- O aforro neto.
- O nivel que representa o endebedamento sobre os recursos correntes liquidados.

Cando estas magnitudes sexan contrarios ó disposto neste artigo, a aprobación da operación requerirá autorización do órgano da Xunta de Galicia competente en materia de tutela financieira previa aprobación, no seu caso, dun Plan de Saneamento.

Debe advertirse que o TRLRHL prevé o seu cálculo con datos da liquidación do exercicio anterior, ou de dous exercicios anteriores no caso de operacións concertadas no primeiro semestre do exercicio e sempre que non se conte todavía con liquidación aprobada.

No noso caso concreto, a última liquidación aprobada é a do ano 2024, polo que ésta terá que ser a utilizada no cálculo das magnitudes anteriores.

Así, o Aforro Neto, e o Nivel de Endebedamento calculados cos datos da liquidación do exercicio 2024 (a última aprobada) son os seguintes:

AFORRO MUNICIPAL		
(+)	RECURSOS CORRENTES LIQUIDADOS 2024 (CAPÍTULOS I, II, III, IV e V).	27.360.341,92
(-)	OBRIGAS RECOÑECIDAS 2024 (CAPÍTULO I, II, e IV, excepto as financiadas con RTGX= 618.327,20).	23.901.196,45
	AFORRO BRUTO	**3.459.145,47**
(-)	ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN E INTERESES DO CAPITAL VIVO	1.957.727,01
	AFORRO NETO	**1.501.418,46**

Do anterior dedúcese que o aforro neto é positivo na cifra de 2.219.617,91 euros.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

3. Porcentaxe de endebedamento (non debe ser superior ao 110 por cen)

Utilizando os datos da liquidación do ano 2024, esta ratio ofrece o seguinte detalle:

PORCENTAXE DE ENDEBEDAMENTO	
CV	14.591.081,76 euros
ILC	27.360.341,92 euros
EL = (CV / ILC)*100	**53,33%**

EL: Endebedamento Local

CV: Volume total de Capital vivo das operacións vixentes a corto e longo prazo, a 01/01/2025, incluídas as operacións previstas no orzamento de 2025.

ILC: Ingresos correntes liquidados polos capítulos un a cinco do orzamento do exercicio 2023.

As magnitudes antes calculadas (aforro neto e porcentaxe que representa o endebedamento respecto aos recursos por operacións correntes) non fan necesaria a autorización do órgano de tutela da Xunta de Galicia para a concertación das operacións de crédito ás que se refire o art. 53 do TRRL, no caso de que así se previra.

Por último, e xa para rematar coa análise do proxecto de Orzamento para o exercicio 2025, indicar que en relación ás BASES DE EXECUCIÓN, éstas recollen o contido detallado nas normas de aplicación e non presentan modificacións substanciais con respecto as de 2024.

En base a todo o exposto anteriormente, esta Intervención emite o seguinte INFORME ao Orzamento Xeral do Concello de Ribeira para o exercicio 2025:

- O orzamento aparece nivelado en ingresos e gastos e recolle os créditos necesarios para atender o cumprimento das obrigas.
- Faise necesario levar a cabo a oportuna declaración de non dispoñibilidade de crédito de todos aqueles gastos que se financien con subvencións finalistas non confirmadas.
- O orzamento 2025 é consistente co Plan Orzamentario a medio prazo do Concello de Ribeira para os exercicios 2025-2026-2027, segundo decreto de data 22 de febreiro de 2024 e coas Liñas Fundamentais do Orzamento 2025 a tenor do disposto no artigo 27.2 da LOEPSF, de 27 de abril, segundo decreto de data 12 de agosto de 2024.
- A estrutura orzamentaria cumpre co previsto na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

En Ribeira, á data da sinatura dixital.

O INTERVENTOR

Pablo Bao Castro.

CSV: 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0D00O0T0W8I9G1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:27:07

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

INTERVENCIÓN
ASUNTO: INFORME SOBRE A ESTABILIDADE, REGRA DE GASTO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO CON MOTIVO DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO DE 2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Real Decreto 1463/2007, polo que se adapta a Lei de estabilidade orzamentaria ás entidades locais.

ANTECEDENTES DE FEITO

Sométese a informe desta Intervención, o orzamento para o ano 2025 do Concello de Ribeira, ao obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que son os seguintes:

1. A estabilidade orzamentaria.
2. A regra de gasto.
3. O nivel de endebedamento.

1. ESTABILIDADE

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demáis actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Entidades Locais someterase ao principio de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, de conformidade ao previsto nos artigos 3, 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria.

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estructural.

O principio de estabilidade orzamentaria supón, basicamente, que o orzamento non só debe estar equilibrado no seu conxunto, senón que o equilibrio debe existir tamén se consideramos unicamente os sete primeiros capítulos de gasto e ingreso.

En referencia ó endebedamento, isto implica que dentro dun exercicio determinado, non é posible apelar ó crédito nunha contía superior á amortización dese mesmo ano.

Por tanto, hai que comparar en termos agregados a suma das obrigas recoñecidas netas dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos e a suma dos dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos practicando os axustes a aplicar ao saldo resultante dos ingresos e gastos non financeiros do Orzamento para relacionalo coa capacidade ou necesidade de financiación calculada conforme ao SEC.

CSV: 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:26:58

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Orzamento de Ingresos	EUROS
I.-IMPOSTOS DIRECTOS	7.363.664,71
II.-IMPOSTOS INDIRECTOS	550.000,00
III.-TAXAS E OUTROS INGRESOS	6.867.640,33
IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES	12.859.042,89
V.-INGRESOS PATRIMONIAIS	205.270,61
VI.-ENAXENACION DE INVERSIONS REAIS	162.621,59
VII.-TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.698.220,22
Total	**29.705.838,76**

Orzamento de Gastos	EUROS
I. GASTOS DE PERSOAL	9.490.922,20
II. GASTOS CORRENTES	14.881.954,97
III. INTERESES	287.555,69
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	850.182,03
VI. INVERSIONS REAIS	2.667.849,88
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.000,00
Total	**28.184.464,77**

SUMA CAPÍTULOS 1 A 7 DE INGRESOS	**29.705.838,76**
SUMA CAPÍTULOS 1 a 7 DE GASTOS	**28.184.464,77**
SUPERAVIT ANTES DE AXUSTES	**1.521.373,99**

AXUSTES SEC

- **Axustes en gastos.**

1. Gastos pendentes de aplicar a orzamento.

O SEC establece a imputación de calquera gasto efectivamente realizado con independencia do momento en que se decida a súa imputación orzamentaria. O axuste neste caso sería dado pola diferencia entre o saldo inicial e o saldo final da conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento", de tal maneira que se o saldo final é maior, o axuste sería maior gasto, e se o saldo final é menor o axuste sería menor gasto. A conta 413 presenta un saldo ao inicio do 2025 de 285.377,31 euros, prevéndose por esta intervención que o saldo a 31 de decembro será de 385.000 euros, polo que axuste a realizar é o seguinte:

Saldo inicial conta 413	285.377,31
Saldo final conta 413	385.000,00
AXUSTE	**99.622,69**

CSV: 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:26:58

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

2. Grado de execución do gasto.

A "Guía para la Determinación de la Regla de Gasto (2ª edición)" establece que "el porcentaje estimado del grado de ejecución del presupuesto del año n tendrá, como límite, superior o inferior, la media aritmética de los porcentajes del grado de ejecución de los créditos por operaciones no financieras del Presupuesto de Gastos de los tres ejercicios anteriores, una vez eliminados valores atípicos". Consultada a IGAE, na súa resposta afirma ao respecto do cálculo dos denominados valores atípicos, que "se entiende por un valor atípico, un valor muy distinto del resto, que hace que la media aritmética no sea representativa del grupo de valores considerado. A efectos de este ajuste, se considerarán valores atípicos aquellos gastos cuya inclusión desvirtúe la media aritmética, que opera como límite del porcentaje estimado del grado de ejecución del Presupuesto".

Da media dos tres últimos exercicios, considerando a execución dos créditos iniciais, descontando os considerados valores atípicos, resulta un grado de execución de gastos non financeiros do 92,50%, que aplicado ás previsións do orzamento de 2025 arroxa o importe de 839.145,33 € a diminuír nos empregos non financeiros.

- **Axustes en ingresos.**

1. Axuste de recadación capítulos 1 a 3.

Segundo o SEC, aplícase o criterio de caixa (ingresos recadados durante o exercicio, de correntes e de pechados de cada capítulo), tomando os datos do orzamento de 2023, por ser máis prudentes que os do 2024, xa que neste exercicio produciuse un cambio no criterio de contabilización dos ingresos delegados:

CAPITULO	PREVISIÓNS	RECAUDADO CORRENTE	RECAUDADO PECHADO	TOTAL	% REC/PREV	% AXUSTE
I	6621610	5631249,31	857564,08	-132796,61	-0,020055	-2,0055
II	490000	449309,48	1,79	-40688,73	-0,0830382	-8,30382
III	6598526,48	6161241,81	231841,67	-205443	-0,0311347	-3,11347

Que aplicado as previsións de 2025 ofrece o seguinte resultado:

CAPITULO	PREVISIÓNS	% AXUSTE	IMPORTE AXUSTE
I	7363664,71	-2,01	-147678,54
II	550000	-8,30	-45671,02
III	6867640,33	-3,11	-213821,77
		TOTAL	-407171,34

- **Resumo dos axustes.**

CSV: 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:26:58

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

AXUSTES	IMPORTE
Axuste 413	-99.622,69
Axuste execución	839.145,33
Axuste recadación	-407.171,34
TOTAL	**332.351,30**

CAPS. 1 A 7 DE INGRESOS – CAPS. 1 A 7 DE GASTOS	**1.521.373,99**
AXUSTES	**332.351,30**
SALDO FINANCEIRO	**1.853.725,29**

Temos por tanto, un superávit de 1.853.725,29 euros.

2. A REGRA DE GASTO.

O artigo 12 da LOEPSF establece que a variación de gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española.
Entenderase por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do SEC, excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas.
O cálculo da regra de gasto parte da guía aprobada para tal fin pola IGAE, que establece que a base do mesmo será a liquidación de 2024, ou no seu caso, a estimación da mesma. Neste caso tómanse os datos resultantes da liquidación:

	CALCULO DA REGLA DE GASTO (art. 12 Lei Organica 2/2012)	Liquidación 2024	Ano 2025
+	Cap.1 Gastos de persoal	9.428.831,12	9.490.922,20
+	Cap.2 Compra de bens e servizos	14.276.412,70	14.881.954,97
+	Cap.3 Gastos financeiros	237.808,35	287.555,69
+	Cap.4 Transferencias correntes	814.279,13	850.182,03
+	Cap.6 Inversions	11.406.868,88	2.667.849,88
+	Cap.7 Transferencias de capital	1.080.971,21	6.000,00
=	**A) EMPLEOS NON FINANCEIROS**	37.245.172,09	**28.184.464,77**
+ / -	Axustes SEC 95 que inciden en gastos (*)	-46.114,49	-739.522,64
=	**B) EMPLEOS NON FINANCEIROS AXUSTADOS**	**37.199.057,60**	**27.444.942,13**
-	Intereses da debeda	237.808,35	287.555,69
-	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP	8.597.249,64	5.559.180,66
-	Inversións financeiramente sostibles	-	
=	**C) GASTO COMPUTABLE AXUSTADO**	**28.362.953,87**	**21.598.205,78**
+	**Tasa de referencia crecemento PIB (3,2%)**	**907.614,52**	
=	**D) GASTO COMPUTABLE INICIAL**	**29.270.568,39**	

CSV: 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:26:58

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

+	**Aumentos permanentes de recadación(**).**	**0,00**	
-	**Disminucións permanentes de recadación**	**0,00**	
=	**E) GASTO COMPUTABLE FINAL**	**29.270.568,39**	**21.598.205,78**

GASTO COMPUTABLE 2024	29.270.568,39
GASTO COMPUTABLE 2025	21.598.205,78

En conclusión, o gasto computable do orzamento inicial de 2025 é inferior ao límite de gasto computable derivado da liquidación de 2024 en 7.672.362,61 euros, así que cumpre co disposto no artigo 12 da LOEPSF.

(*)Os axuste SEC95 que se recolle son os referentes aos acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento (diminución de 46.114,49 euros).
(*) O axuste de -739.522,64 euros responde á variación da conta 413 (+99.622,69 euros) e ao grado de execución do orzamento (-839.145,33 euros).

3. LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO.

O artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.
Neste sentido establece que as Entidades Locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.
A norma non establece o órgano competente para a aprobación. Debería aprobarse con anterioridade á aprobación do Orzamento, podéndose aprobar por Alcaldía, en virtude da cláusula de competencia residual establecida no artigo 21 da Lei 7/1985. Tampouco se establece na Orde Ministerial a obriga de remisión de información sobre o teito de gasto.

Determinación:
A) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria

Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2025, que deberán ser coherentes á súa vez co Plan Orzamentario aprobado, obtemos os seguintes datos:

Capítulos 1 a 7 de Ingresos	**29.705.838,76**
Capítulos 1 a 7 de Gastos	**28.184.464,77**
Axustes SEC	**332.351,30**
(superávit/déficit)	**1.853.725,29**

CSV: 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:26:58

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en termos orzamentarios, engadimos o superávit/déficit así calculado aos gastos:

Teito de gasto non financeiro en equilibrio:	30.038.190,06

B) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de Regra de Gasto

Pártese da liquidación do exercicio 2024.

Límite da Regra de Gasto 2025	**29.270.568,39**

Para o cálculo do límite de gastos non financeiros, que se expresa en termos orzamentarios, engádense:

Gasto do capítulo 3 non agregado en 2025	287.555,69
Gasto financiado con fondos finalistas en 2025	5.559.180,66
Axustes SEC gastos	942.144,23
Límite de gasto non financeiro coherente coa Regra de Gasto	**36.059.448,97**

C) LIMITE DE GASTO NO FINANCEIRO

Considérase o límite menor dos dous calculados anteriormente:

Coherente co Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria	30.038.190,06
Coherente co Obxectivo de Regra de Gasto	36.059.448,97
LIMITE DE GASTO NON FINANCIERO:	**30.038.190,06**

4. DÉBEDA VIVA

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non superar o límite de débeda pública que foi fixado no 1,4% do PIB para o exercicio 2024.
Dado que para a Administración Local no se estableceu en termos de ingresos non financeiros o obxectivo, resulta de aplicación o límite que estable o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando o disposto na Disposición Final Trixésimo primeira da LPGE para 2013 e de vixencia indefinida, que o reduce a un 75%:

CSV: 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:26:58

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

"Las Entidades Locales y sus entidades dependientes clasificadas en el sector Administraciones Públicas, de acuerdo con la definición y delimitación del Sistema Europeo de Cuentas, que liquiden el ejercicio inmediato anterior con ahorro neto positivo, calculado en la forma que establece el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones, cuando el volumen total del capital vivo no exceda del 75 por ciento de los ingresos corrientes liquidados o devengados según las cifras deducidas de los estados contables consolidados, con sujeción, en su caso, al Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y a la Normativa de Estabilidad Presupuestaria.

Las Entidades Locales que tengan un volumen de endeudamiento que, excediendo al citado en el párrafo anterior, no supere al establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar operaciones de endeudamiento previa autorización del órgano competente que tenga atribuida la tutela financiera de las entidades locales.

Las entidades que presenten ahorro neto negativo o un volumen de endeudamiento vivo superior al recogido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, no podrán concertar operaciones de crédito a largo plazo.

Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.

A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado."

O volume de débeda viva a 31.12.2024 ofrece o seguinte dato:

PORCENTAXE DE ENDEBEDAMENTO	
CV	14.591.081,73 euros
ILC	27.360.341,92 euros
EL = (CV / ILC)*100	**53,33%**

EL: Endebedamento Local

CV: Volume total de Capital vivo das operacións vixentes a corto e longo prazo, a 31/12/2024.

ILC: Ingresos correntes liquidados polos capítulos un a cinco do orzamento do

CSV: 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:26:58

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

exercicio 2024.

Por tanto, o Orzamento do Concello de Ribeira para o ano 2024:

1. **Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria**, presentando un superávit de financiación de 1.853.725,29 euros.
2. **Cumpre coa regra de gasto,** cunha marxe de 7.672.362,61 euros.
3. **Cumpre co nivel de endebedamento**, sendo este do 53,33%.

En Ribeira, á data da sinatura dixital,

O INTERVENTOR,

Pablo Bao Castro

CSV: 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BA0E00U5T7E9D5G3N1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 20/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2025 19:26:58

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

INFORME SECRETARÍA XERAL:

ASUNTO: INFORME "PROXECTO ORZAMENTOS 2025"

Juan Manuel Salguero del Valle, Funcionario con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala de Secretaría, Categoría Superior, en cumprimento do disposto no art. 3.3. a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de Marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional, o art. 54 do Real Decreto Lexislativo 781/86, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local e o art. 173 do Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emito o seguinte:

INFORME:

I

ANTECEDENTES DE FEITO.

-Expediente comprensivo
"Proxectos Orzamentos Concello de Ribeira 2025".

II

LEXISLACIÓN APLICABLE:

A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 162 ao 171 e 193.bis do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Os artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

— Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei Reguladora das Facendas Locais.

_ A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

— A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

— O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

— A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).

— As Regras 55 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

— A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

— O Real Decreto-lei 3/2016, de 2 de decembro, polo que se adoptan medidas no ámbito tributario dirixidas á consolidación das finanzas públicas e outras medidas urxentes en materia social.

— O Real decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

— O Real decreto-Lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

CSV: 07E90019BC5300U3V3C5V2T8X1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BC5300U3V3C5V2T8X1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/11/2025 12:44:57

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

-Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorogada na actualidade)

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira:-De conformidade co **artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, O orzamento da Entidade Local** será ***formado polo seu Presidente*** e a el deberá unirse a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
c) Anexo de persoal da Entidade Local.
d) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.
f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigacións de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigacións pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
g) Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Segunda. O modelo normal de contabilidade débeno aplicar os municipios cuxo orzamento exceda de 3.000.000 euros, así como aquel cuxo orzamento non supere este importe pero exceda de 300.000 euros e cuxa poboación sexa superior a 5.000 habitantes. As demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas nos apartados anteriores.

Terceira:-*O Procedemento* a seguir será o seguinte:

A. O órgano **interventor** deberá elaborar o **informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria** de conformidade co artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

B. Posteriormente, no exercicio das funcións recollidas no artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitirase o correspondente **informe de Intervención**.

C. Emitido Informe pola Intervención, emitirase **Ditame da Comisión Informativa de Facenda,** que o elevará o Pleno da Corporación antes do 15 de outubro (cos anexos e documentación complementaria esixida pola lexislación) para a súa aprobación.

*[En relación á competencia o Pleno será o órgano competente para aprobar o Orzamento Xeral, sendo o quórum necesario para a válida adopción do Acordo de aprobación, o de **maioría simple**, a tenor do disposto nos **artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local***

CSV: 07E90019BC5300U3V3C5V2T8X1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BC5300U3V3C5V2T8X1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/11/2025 12:44:57

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

*[Os municipios **adheridos ao Fondo de ordenación** no ámbito subxectivo previsto no **artigo 39.1 a)** do Real decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, deberán someter o Orzamento ou a prórroga do os do exercicio anterior, a informe previo e vinculante ao Ministerio de Facenda e Función Pública, para iso, remitirán os mesmos antes da súa aprobación plenaria, ao Ministerio para que informe o mesmo, ou en todo caso valore e pondere as medidas previstas para ese exercicio orzamentario no que respecta aos Plans de Axuste, artigo 45.4 e 5 do Real decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.*

Igualmente sucederá cos municipios que se acolleron a algunha das medidas extraordinarias de liquidez do Real decreto-Lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros].

D. Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2022 exporase ao público, previo **anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña*, por quince días hábiles**, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

*(A aprobación definitiva deberiá terse feita **antes do 31 de decembro de 2024**, tal e como indica o artigo 169.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como o artigo 20.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).*

E. O orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentaron **reclamacións;** en caso contrario, o Pleno disporá **dun prazo dun mes para resolvelas**.

F. O Orzamento Xeral deberá **publicarse no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* resumido por capítulos**, entrando en vigor no **exercicio 2025,** unha vez sexa publicado na forma prevista anteriormente.

G. Deberá remitirse **unha copia do mesmo á Administración do Estado e ó órgano de goberno da Comunidade Autónoma de Galicia** e dita remisión deberase realizar simultaneamente ao envío ao *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* do anuncio descrito anteriormente.

Unha copia do Orzamento deberá acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

H. Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interporse directamente **recurso contencioso-administrativo**, na forma e prazos que establezan as normas de devandita Xurisdición (*En virtude do **artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril**, Reguladora das Bases de Réxime Local)*..

O Concello de Contas deberá informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.

A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

CONCLUSIÓN

Analizado o expediente éste contén toda a documentación esixida e todas as previsións que a normativa establece, excepción feita das datas de aprobación, motivo polo que encontrase en situación de ***"prórroga orzamentaria",*** tal como establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo

CSV: 07E90019BC5300U3V3C5V2T8X1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BC5300U3V3C5V2T8X1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/11/2025 12:44:57

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto o Sr. Alcalde como Pleno da Corporación, coa súa máis alto criterio acorden o que estimen oportunos.

Dado en Ribeira, na data da súa sinatura dixital

O Secretario Xeral

Fdo Juan Manuel Salguero del Valle

CSV: 07E90019BC5300U3V3C5V2T8X1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019BC5300U3V3C5V2T8X1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/11/2025 12:44:57

EXPEDIENTE :: 2025APPG000001
Fecha: 18/11/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL